

Erna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA
E MEIO AMBIENTE



Outono 2002

Número 36

3 €

**ECOLOXÍA POPULAR:
Baldaio, Xove, Encrobas**


**PROXECTO:
Recuperación da Limia**

PATRIMONIO XEOLÓXICO

ELECTRICIDADE NEGRA


RÍO MERO

**SARMIENTO:
O primeiro ecoloxista**




2 xeitos de coñecer o mar (en o grove)

> 24 acuarios con representacións de diferentes biomas mariños, máis de 150 especies e máis de 15.000 animais, 2000 m2 expositivos sobre os mamíferos mariños... o primeiro gran acuario da comunidade galega amósache ós seus habitantes.



> buques semisomexibles co casco transparente que te amosarán os fondos, hábitats e especies da ría de arousa.



acquariumgalicia

tel **986 73 15 15**

fax 986 73 29 68

loc **punta moreiras s)n reboreda**

e_m **info@acquariumgalicia.com**

web **acquariumgalicia.com**



acquavisión / galicia

tel **986 73 12 46**

loc **pantalán #acquavisión**

loc **peirao de peralto**

pob **o grove.**
36980, pontevedra

4 ACTUALIDADE

ECOLOXIA POPULAR

9 BALDAIO, XOVE, ENCROBAS

RAMÓN MUÑIZ

BIODIVERSIDADE

11 RECUPERACIÓN INTEGRAL DA LIMIA

SERAFÍN GONZÁLEZ E ANTONIO VILLARINO

CONSERVACIÓN

15 O PATRIMÓNIO XEOLÓXICO

FINS EIREXAS

ENERXIA

18 ELECTRICIDADE NEGRA

XOSÉ VEIRAS

RIOS

21 RIO MERO: UN CANAL E DOUS ENCOROS

MANUEL SOTO CASTIÑEIRA

ROTEIRO

22 VOLVENDO AO RIO MERO NATURAL

RAFAEL SÁNCHEZ-FERNÁNDEZ E XACOBEL MÉLÉNDREZ

A NATUREZA NA LITERATURA

24 "OS CANTOS DA SEIVA",
DE XESÚS PEREIRAS

EMILIO XOSÉ ÍNSUA

HISTÓRIA

27 ACTUALIDADE DO PADRE SARMIENTO

XULIO CUBA OROSA

OPINIÓN

28 AS ORGANIZACIÓNS INCENDIARIAS

XESÚS PEREIRAS

29 SOBRE A PESCA DEPORTIVA
SUPOSTAMENTE ECOLÓXICA

MARÍA GIGIREY SÁNCHEZ E XAN DURO FERNÁNDEZ

30 ACTIVIDADES / LIBROS

EDITORIAL

ENERXIA SOSTÍBEL

"O manexo eficaz dos recursos e a eficiencia enerxética serán no futuro o signo distintivo das economías de mercado exitosas a longo prazo. Deste xeito, á vez operamos como referencia para sistemas económicos menos avanzados: aplicando unha política enerxética sostíbel é posíbel conciliar a protección dos recursos naturais cun desenvolvemento económico exitoso". O autor desta afirmación é Gerhard Schröder, o canceller federal alemán.

Non se trata de simple retórica. O goberno alemán de coalición entre socialdemócratas e verdes implementou durante os últimos anos unha política enerxética sostíbel. Neste senso, promoveu intensamente a eficiencia enerxética (Alemaña está á cabeza dos países industrializados nesta materia), desenvolveu as enerxías renovábeis (a potencia instalada de enerxía solar en Alemaña é moi superior á española, máis a insulación moito menor) e decidiu o peche progresivo de todas as centrais nucleares. Alemaña lidera na Europa e no mundo a luita contra o cambio climático global, unha das principais ameazas para o futuro da Humanidade.

Galiza é un país transformador, produtor e exportador de enerxía, tanto de electricidade como de derivados do petróleo. Por desenvolvermos este papel, por contribuírmos ao desenvolvemento doutras zonas do Estado español, pagamos un alto prezo en termos ecolóxicos, sociais e mesmo económicos, o que nunca foi compensado. No que atinxe á enerxía, o Estado español ten unha importante dívida ecolóxica contraída con Galiza.

No caso da electricidade, a maior parte da produción da nosa terra procede de fontes altamente impactantes: centrais térmicas de carbón e encoros hidroeléctricos. As centrais térmicas de carbón de Meirama e de As Pontes deberían ter data de caducidade máis, polo menos até o ano 2010, manterán, con carbóns de importación, a súa produción actual de electricidade "fúnebre". Os encoros continúan sendo unha ameaza para os nosos ríos, á que seguimos enfrontándonos desde o movemento ecoloxista galego, agora con apoio internacional através da campaña "Sobran presas. Faltan ríos vivos. Sobran wattios".

A enerxía nuclear, tan querida por Fraga, por Loyola de Palacio e por UNIÓN FENOSA, non é aceptábel, pois segue sen ofrecer garantías ambientais e de seguridade. Ademais non é necesaria. Do que precisamos é dunha nova política enerxética que teña como primeira prioridade o fomento do aforro e da eficiencia enerxética, o freo do aumento desbocado do consumo de electricidade e de petróleo. Unha medida imprescindible para iso é a realización dunha reforma ambiental da fiscalidade como a proposta pola Oficina Europea do Ambiente (OEA), a federación ecoloxista europea.

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Silvia Amor, Xan Carmona, Elvira Cienfuegos, Emilio Ínsua, Daniel López Vispo, Santiago Ortiz, Xesús Pereiras, Pepe Salvadores, Manuel Soto, Xosé Veiras.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Outono - 2002

Tanto en artigos como noutras colaboracións, respéitase a normativa lingüística do autor. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, exceptuando as fotografías de portada e contra portada, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA edita-se en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuír á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

FOTOGRAFÍA DA CAPA
Alejandro Fernández

DESEÑO
Xan G. Muras

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA
Ramsés Pérez

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN
Grafinova, S.A.

Depósito Legal: C-913-1986
ISSN: 1136-2677



REVISTA GALEGA DE ECOLOXIA E MEIO AMBIENTE

Tel. e Fax: 981 570 099
Praza Camilo Díaz Vialño 15, 2ª A
15704 Santiago de Compostela
E-Mail: adega@ctv.es. Web: www.adeagaliza.org

ECOBREVES

FERROCARRIL DE CERCANIAS nas áreas metropolitanas é o que propón un estudo realizado por Miguel Pazos, do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago, como "unha alternativa á utilización crescente e indiscriminada do automóbel". Coas obras do tren de "alta velocidade", a vía existente nos tramos A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra ficaría "inutilizada ou infrautilizada". O estudo recomenda desdobar a vía existente e criar un servizo de cercanías destinado a núcleos de poboación intermédios.

A RECUPERACIÓN DE PONTEVEDRA

para a cidadanía (ver Cerna 34) prosegue apesar da oposición de certos sectores reaccionarios da cidade. O goberno municipal segue fortemente comprometido coa defensa dun modelo de cidade máis habitábel e dinámica, incompatible coa invasión incontrolada do espazo urbano polo automóbil privado. Aínda que os medios resaltaron os conflitos e protestas contra a peonización, na cidade xa se percebe gañada a batalla e consolidado o proceso de recuperación. Citamos aquí o manifestado por Xosé Luís Barreiro Rivas (La Voz de Galicia, 12 de agosto): "prodúceme un grande pracer pasear a Pontevedra de hoxe. Porque sobre a tradicional beleza e humanidade da cidade do Lérez... exhibe unha concepción do espazo urbano que, posto ao servizo dos pontevedreses, rectifica a colosal desfeita que sufriu a cidade desde a década dos sesenta". A política urbanística de Pontevedra é definida por Rivas como unha lición de "boa democracia". Pola contra, é lamentábel que o goberno municipal de A Coruña ceda diante das presións de grupos que falan en nome do comercio, pero que máis ben semellan defender a especulación e o uso irracional do automóbil.

A AGRICULTURA ECOLÓXICA EN GALIZA precisa do artellamento dunhas liñas de axuda adaptadas ao país. O Sindicato Labrego Galego (SLG) demanda que se resolva a convocatória de axudas para a produción ecolóxica publicada no DOG do 21 de setembro do ano pasado. Aos 7 meses da convocatória,


(Continúa na páxina 6)

AMBIENTALISTAS E SINDICATOS DE MANDAN MAIOR PARTICIPACIÓN SOCIAL

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), a Federación Ecoloxista Galega (FEG) e a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), xunto coa Confederación Intersindical Galega (CIG), o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (CCOO) e a Unión Xeral de Traballadores (UXT), elaboraron unha proposta para transformar o Consello Galego de Medio Ambiente (COGAMA) nun órgano de participación social activo, influente e representativo da sociedade galega. Asemade, presentaron unha queixa perante o Valedor do Pobo para denunciar o incumprimento por parte do Conselleiro do Ambiente, Carlos del Álamo, do decreto que regula o COGAMA.

A proposta sinala que o COGAMA non é suficientemente representativo da sociedade civil galega, ten unha escasa influencia real na toma de decisións da Xunta e non debateu planos e proxectos tan importantes como as propostas anuais de planos INFOGA de loita contra os lumes forestais. É un órgano fortemente controlado polo goberno que carece de pluralismo e independencia e se reúne con escasa frecuencia.

O COGAMA non ten sido ata hoxe unha canle adecuada e efectiva de participación social no deseño e execución das políticas públicas autonómicas con incidencia no ambiente, nin ten actuado



Praia das Catedrais. O COGAMA debería participar na elaboración dunha estratexia galega de desenvolvemento sostíbel que, entre outras cousas, contemple a xestión integrada do litoral

como un foro vivo de debate sobre os asuntos ambientais. As causas desta situación radican tanto no inadecuado deseño do COGAMA como no incumprimento por parte da Xunta do decreto que regula o funcionamento do COGAMA.

O texto completo da proposta está na web de ADEGA (<http://www.adegagaliza.org>).

DEL ÁLAMO EXCLÚE A ADEGA E Á FEG DO COGAMA



A Consellería de Medio Ambiente nunca someteu a debate no COGAMA os borradores dos Planos anuais INFOGA de loita contra os lumes forestais

Aproveitando a renovación dos membros do COGAMA, o conselleiro deixou fóra a ADEGA e á FEG sen consultas e interpretando de forma unilateral e interesada que o abandono dos representantes de ADEGA e da FEG da reunión do pleno do COGAMA celebrada o 4 de xullo do ano 2001 supoñía un abandono do COGAMA. En realidade, foi un xesto de protesta para chamar a atención sobre a lamentábel situación do COGAMA, adoptado como derradeiro recurso.

As razóns da protesta de ADEGA e a FEG confirmáronse no ano transcorrido desde entón, no que o conselleiro volveu incumprir o decreto polo que se regula o COGAMA e non amosou o menor interese en reformalo para convertelo nun auténtico órgano de participación social nos asuntos ambientais.

DECLARADO O PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS

A PRESIÓN SOCIAL CONSEGUIU AUMENTAR A SÚA SUPERFICIE



O arquipélago de Cortegada, no fondo da ría de Arousa, formará parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas. A mobilización social impediu que a illa de Cortegada fose urbanizada no pasado. A súa conservación e uso público no futuro semellan garantidas.

A Lei pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galiza foi publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) do 2 de xullo, polo que o primeiro Parque Nacional en territorio galego xa é unha realidade. Aínda que se trata dun avance innegábel, a súa importancia real está sendo esaxeradamente sobrevalorada pola Xunta. Mesmo o conselleiro de medio ambiente, Carlos del Álamo, chegou a afirmar que, coa creación deste Parque, Galiza entra na primeira división mundial da conservación da natureza!

A presión exercida polas organizacións ambientalistas, entre elas ADEGA, conseguiu unha ampliación importante da superficie mariña do Parque, que pasou das 1637 has. do proxecto a 7.138 has. Outro logro destacábel foi a inclusión da illa de Cortegada durante a tramitación da Lei no Congreso e no Senado, polo que o Parque está formado finalmente polas illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada.

Sen embargo, as maiorías parlamentarias do PP en Santiago e en Madrid impediron que o Parque incluíse tramos de costa

continental (Costa da Vela, Costa da Morte, etc), rexeitando as demandas dun documento promovido por ambientalistas e investigadores (disponíbel en <http://www.adegagaliza.org>). A práctica totalidade destas zonas costeiras carecen da protección legal necesaria e dos planos e recursos precisos para a súa xestión adecuada, polo que a súa inclusión no Parque Nacional tería sido moi conveniente. Trátase de espazos propostos para a Rede Natura 2000 que carecen de figuras de protección especial (parque, reserva,...). Simplemente están incluídos no Rexistro de Espazos en Réxime de Protección Xeral, o que resulta claramente insuficiente.

O Parque das Illas Atlánticas será xestionado por unha comisión mixta integrada polo Goberno central e a Xunta. O financiamento corresponderá en principio ao Ministerio do Ambiente, cuxa aportación poderá completarse con fondos autonómicos. O órgano de participación social na xestión do Parque é o Patronato, no que hai dous representantes das asociacións ecologistas.

O ALCALDE DE SARRIA CONCEDE LICENCIA PARA A INCINERACIÓN DE PNEUMÁTICOS EN OURAL

O alcalde de Sarria, o socialista Claudio Garrido, concedeu licenza provisional para que a cementeira Cosmos incinere pneumáticos na factoría que esta empresa ten en Oural. (ver Cerna 33). Fíxoo por decreto, sen consultar á comisión de goberno, e sen ter en conta a forte oposición veciñal e o informe desfavorábel á queima elaborado por Manuel Soto, profesor de Enxeñería Química da Universidade da Coruña e presidente de ADEGA.

O alcalde baseouse nun informe elaborado polo profesor Navaza, decano da Facultade de Químicas de Santiago. Este informe foi duramente criticado pola Comisión Pro Residuo Mínimo do Oural (<http://www.adegagaliza.org/oural.htm>), por ser en realidade un "puzzle" de diferentes textos copiados do informe da empresa, dun informe elaborado por Enrique Rius para Alcanar (Tarragona) e de diferentes textos publicados na Internet. O propio profesor Navaza recoñeceu que se trata dunha "compilación".

A postura do alcalde sempre foi favorábel á queima con control das emisións. A Consellería de Medio Ambiente instalou recentemente unha unidade mobil para medir as emisións actuais e comparalas coas que se produzan unha vez que comece a incineración. Os veciños consideran que a ubicación desta unidade non é a mais axeitada dado que o vento dominante na zona arrastra as emisións en dirección contraria.

A Comisión Pro Residuo Mínimo do Oural vén denunciando o grande risco de contaminación por Hidrocarburos Aromáticos Policíclicos, Dioxinas e Furanos que esta incineración de pneumáticos pode producir nunha comarca eminentemente gandeira. A Comisión acordou presentar recurso de reposición contra a concesión da licenza.



o-dezaseis

Rúa de San Pedro, 16

Teléfonos
981 564 880
981 577 633

15703 Compostela

a ovella negra
san roque.37 compostela 981 578 052

cociña con horta ecolóxica



ECOBREVES

segundo os datos do SLG, nengunha explotación que solicitara as axudas recibira aínda comunicación. As axudas autonómicas á agricultura ecolóxica convocaron-se por primeira vez en 2001 e para o SLG "oferecen contías irrisórias para a produción de horta, viño e mesmo leite e non están feitas para explotacións mediano-pequenas".

A PRESIDENCIA SEMESTRAL ESPAÑOLA DA UE

non tivo interese en integrar as consideracións ambientais nas políticas sectoriais, segundo a Oficina Europea do Ambiente (OEA), a federación ecoloxista europea. As moi baixas expectativas xeradas pola Presidencia Española no que atinxe ao ambiente confirmaron-se como correctas. Aínda que a avaliación global é negativa, a OEA (<http://www.eeb.org>) louvou a preparación da Estratexia Europea de Protección do Solo e a ratificación do Protocolo de Quioto.

A REFORMA DA POLÍTICA COMÚN DE PESCA (PCP)

é unha oportunidade para lograr que a UE promova unha pesca sostíbel e responsable, capaz de garantir o futuro da actividade pesqueira en Galiza e en Europa. A Federación Ecoloxista Galega (FEG) expresou o seu apoio á campaña do WWF/ADENA pola reforma da PCP (<http://www.panda.org/stopoverfishing>). A Oficina de Política Europea do World Wide Fund For Nature (WWF) propón "pór fin ao exceso de capacidade pesqueira" e "reducir e reformar as subvencións".

A REFORMA DA POLÍTICA AGRÁRIA COMÚN (PAC)

, ao igual cá de pesca, tamén se acha en discusión. A Oficina Europea do Ambiente (OEA) (<http://www.eeb.org>), defende cinco criterios básicos: a desvinculación entre as axudas directas ás explotacións agrarias e a produción, o establecemento de condicionamentos ambientais e de benestar animal para a concesión das axudas, recortes das axudas directas e destino dos fondos provenientes deses recortes á promoción do desenvolvemento rural, o destino da metade dos fondos para o desenvolvemento rural a medidas agroambientais e a eliminación das axudas á exportación no ano 2005.

REUNIÓN DE ADEGA COS PARTIDOS DA OPOSICIÓN BNG E PSOE COMPROMETEN-SE A SACAR ADIANTE NOVOS PLANOS DE RECICLAXE E COMPOSTAXE

EN XULLO E AGOSTO, REPRESENTANTES DE ADEGA REUNIRON-SE CON MEMBROS DAS EXECUTIVAS DO BNG E E DO PSDEG-PSOE PARA ANALISAR A SITUACIÓN AMBIENTAL DE GALIZA E A ACCIÓN INSTITUCIONAL DESTES PARTIDOS NALGUNHAS DAS PRINCIPAIS CIDADES DO PAÍS. AMBOS PARTIDOS RECEBERON CON INTERESE AS PROPOSTAS DA ASOCIACIÓN E, ADEMAIS DE ACEITAREN CERTAS CRÍTICAS DE ADEGA, COMPROMETERON-SE A IMPULSAR PLANOS ALTERNATIVOS DE RECICLAXE E COMPOSTAXE, A MELLORAR A RECOLLA SELECTIVA DE PAPEL E VIDRO, A IMPULSAR A EDUCACIÓN AMBIENTAL, E A ABORDAR SOLUCIÓN S AO CRESCENTE PROBLEMA AMBIENTAL E SOCIAL DO TRANSPORTE. ASIMESMO, NESTAS REUNIÓN ACORDOU-SE INCREMENTAR OS CONTACTOS E DIÁLOGO ENTRE A ASOCIACIÓN E CADA UN DESTES PARTIDOS.

A bordou-se como tema principal a xestión dos residuos urbanos, pola capacidade de decisión que teñen estes partidos no futuro da xestión dos residuos, xa que gobernan ou cogovernan seis das setes cidades galegas, e polo feito de estarmos a menos dun ano das próximas eleccións municipais. En primeiro lugar, os representantes de ADEGA amosaron-lle o descontento da Asociación pola xestión do lixo nas cidades cogobernadas por ambos partidos e o feito de que catro das cidades (Vigo, Pontevedra, Ferrol e Lugo) participen do modelo de SOGAMA. As prometidas plantas de compostaxe continúan sen ser realidade*.

Tanto o BNG como o PSOE, comprometeron-se en sacar adiante nos próximos meses a compostaxe en Lugo e en Santiago. Asimesmo, afirmaron ambos partidos que rexeitan a incineración como solución ao tratamento do lixo e que continuarán a buscar solucións alternativas baseadas na reciclaxe e compostaxe, e no vertido controlado das fraccións non aproveitábeis. Ademais, comprometeron-se a impulsar campañas de divulgación e mellorar a xestión das recollas selectivas de vidro e papel, para incrementar substancialmente as cifras de recuperación destes materiais antes das próximas eleccións municipais.


ADEGA espera que estas promesas deixen de ser declaracións gratuitas e que contribúan a un maior acercamento e entendimento entre ambos partidos á hora de sacar adiante proxectos de mellora ambiental nas cidades que cogovernan. Asimesmo, confiamos en que a decantación da dirección do PSOE galego a favor da reciclaxe e da compostaxe vaia acompañada dunha maior coherencia deste partido nas diferentes institucións, pois mentres na Coruña abandeira a reciclaxe, en Vigo e en Pontevedra votaron contra a compostaxe, e en Sárria o alcalde socialista acaba de autorizar a incineración de pneumáticos. Alén destes feitos, ADEGA considera responsabilidade dos gobernos municipais, e por tanto de ambos partidos coaligados, impulsaren sistemas ecolóxicos de xestión do lixo e abandonaren a incineración ou o vertido incontrolado en SOGAMA.

Por outra banda, ambos partidos manifestaron o seu interese polos programas de Educación Ambiental (EA) que desenvolve ADEGA, e comprometeron-se a dar un impulso xeralizado á EA nos ámbitos nos que detentan responsabilidades de goberno, tras a via morta en que se atopa a Estratexia de EA elaborada pola Xunta en 1999.

* Nota de última hora: No momento de pechar a redacción deste número, o 2 de setembro, o Concello de Lugo aprobou no pleno a saída a concurso do proxecto e construción dunha planta de compostaxe, feito que constitúe o único avance serio dos últimos 3 anos na xestión do lixo.

DESTRUCCIÓN EN PENA CORNEIRA

O BNG de Leiro (O Ribeiro) denunciou publicamente a destrucción de que está sendo obxecto o espazo natural de Pena Corneira, entre cuxos valores salientan os recursos xeomorfolóxicos e as formacións denominadas como bolos graníticos. Varias empresas, entre elas *David Fernández S.L.* e *Graninter S.A.*, continúan explotando grandes canteiras dentro dos lindes do espazo natural, a pesar de que esta actividade ten sido obxecto de denuncia polo SEPRONA da Garda Civil e de multas impostas pola Consellería do Ambiente. Agora, as empresas pretenden a redución dos lindes do espazo para continuar a súa actividade de expoliación do patrimonio natural, para o que contan coa disposición da alcaldía de Leiro a modificar o Plano Xeral de Ordenación Municipal.



Restaurante
VEGETARIANO

CABALIÑO DO DEMO

rúa aller ulloa, 7
(xunto á porta do camiño)

• NOTA IMPORTANTE •

A partir do pasado mes de xullo deixamos de compartir local co Sindicato Labrego Galego, e dispomos dun local nacional propio (dende aquí dar as grazas o SLG por todos estes anos de boa convivencia). Tódol@s soci@s e simpatizantes que queiran visitar o **novo local**, ou acceder a calquera dos libros ou informes que dispomos, recordamos que está situado na **Praza Camilo Díaz Valiño 15, 2º A**, enfrente da estación de autobuses de Santiago de Compostela.

Informamos tamén do novo nome da páxina web:
www.adeagaliza.org



NUN TERRITORIO CON PLANIFICACIÓN EN CUADRÍCULAS, TIPO SOVIÉTICO?

PRETO DA COSTA GALEGA, ONDE A ARBOREDA É XA CASE EXCLUSIVAMENTE EUCALIPTAL?

EN NOVA CELANDIA, CON ALTERNANCIA DE PRADOS E EUCALIPTOS?




Pepe Salvador

NON, ESTAMOS NAS TERRAS ALTAS DA SERRA DE MEIRA, EN LUGO, CON PLANIFICACIÓN CAPITALISTA: PRIMEIRO CONCENTRACIÓN PARCELARIAS, DESPOIS PRADOS ARTIFICIAIS, LOGO EUCALIPTIZACIÓN, (E AINDA HAI QUEN CRE QUE HAI LIBERDADE PARA PRODUCIR O QUE SE QUEIRA).

A RECICLAXE SERÁ SEMPRE SIMBÓLICA DENTRO DE SOGAMA

DECEPCIÓN DE ADEGA POLOS RESULTADOS DA XESTIÓN DO LIXO NAS CIDADES

Ramsés Pérez



ADEGA e o Concello de Ferrol desenvolven unha experiencia piloto de autocompostaxe en vivendas do rural.

Todo isto non foi suficiente para convencer á maioría dos concellos galegos da necesidade de planos comarcais de reciclaxe e compostaxe. Tampouco o foi para as cinco cidades cogovernadas polos partidos da oposición á Xunta, que acabarian cedendo ás presións desta e, agás Compostela, contribuíndo ao enorme vertedoiro incontrolado de Cerceda.

ADEGA comunicou-lle aos gobernantes das cidades a súa decepción polos escasos avances na xestión do lixo nas mesmas, coa única excepción do plano de reciclaxe e compostaxe da cidade de A Coruña, e as promesas de compostaxe en Lugo e Compostela.

O dossier sobre a situación actual da xestión do lixo en Galiza elaborado por ADEGA (disponíbel en <http://www.adegagaliza.org>) permitiu tirarmos as seguintes conclusións, xa postas en coñecemento das alcaldías e concellerías do ambiente das cidades galegas o pasado mes de xullo:

1. Os resultados da recolla selectiva de vidro en ámbitos tais como os concellos do Consorcio de As Mariñas (A Coruña), cun 61% de reciclaxe, da Illa de Arousa (67%), ou incluso da Mancomunidade do Morrazo (45%) son moi superiores ao promédio galego (28,5%) e ao promédio das sete cidades (25%). Este feito mostra os resultados dunha contenerización axeitada e do esforzo en divulgación e educación ambiental no ámbito destes concellos, nos que se desenvolveron as campañas de divulgación de planos alternativos de reciclaxe.

2. Pola contra, os resultados das cidades ficaron por debaixo da média galega, e incluso os mellores resultados en cidades concretas

tamén se atopan moi lonxe dos valores acadados nos ámbitos anteriores. Consideramos que isto debe-se ao escaso esforzo divulgativo e de educación ambiental realizado nas cidades ao longo dos últimos tres anos. O caso de A Coruña, con contar cun plano alternativo de xestión baseado na reciclaxe, non é unha excepción a isto, pois o esforzo en educación ambiental foi tamén moi reducido.

3. SOGAMA acadou só a reciclaxe do 1% do lixo que recibe, cifra que non medra desde o ano 2000. Os concellos de Galiza acadaron en conxunto no 2001 a recolla directa dunhas 45.000 t de vidro e papel para reciclar (o 5% do lixo), multiplicando por máis de 6 os resultados de SOGAMA. Aínda incrementando a recolla de vidro e papel, os concellos nunca superarán o 10% de reciclaxe se continúan aderidos á incineración de SOGAMA.

4. O lixo incrementou-se na Galiza un 8% anual durante os anos 2000 e 2001, o que se

O FRACASO DA INCINERACIÓN DE SOGAMA COMEZA A POR-SE DE MANIFESTO CANDO ESTA EMPRESA SE VÉ OBRIGADA A PROCEDER A UN INCREMENTO DAS TAXAS DE TRATAMENTO DO 30%, QUE CHEGARÍA A SER DO 100% NOS ANOS PRÓXIMOS. ADEGA TIÑA DENUNCIADO REITERADAMENTE QUE A INCINERACIÓN É A ALTERNATIVA MÁIS CARA PARA CALQUERA CONCELLO, E TAMÉN ALERTOU DO ENORME IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE SOGAMA.

deve en parte á ausencia de actuacións dirixidas á redución do lixo xerado, fundamentalmente campañas de concienciación da cidadanía e propostas dirixidas aos centros comerciais.

As expectativas que nos fixemos tras as eleccións municipais de 1999, coa coincidencia de gobernos progresistas en seis das sete cidades, non se viron cumpridas. Recrear esas expectativas é fundamentalmente tarefa dos gobernos municipais, aos que ADEGA lles ofreceu a súa colaboración.

Por último, ADEGA solicitou dos concellos das cidades a elaboración e divulgación de información sobre os medios e resultados da recolla selectiva e reciclaxe dos distintos tipos de residuos e a redución en orixe da xeración de lixo. A caréncia de información segue a ser unha forte deficiencia, a pesar de tratar-se dun dereito e dalgo necesario para fomentar a participación e a colaboración cidadá.

AUTOCOMPOSTAXE EN FERROL

ADEGA está asesorando ao Concello de Ferrol na promoción da compostaxe dos residuos orgánicos en vivendas do rural. Trata-se dunha experiencia piloto en dez vivendas, cinco delas en Cobas e outras cinco en Brións. A experiencia comezou no pasado mes de xullo coa instalación dos composteiros familiares e as explicacións e seguimento individualizado, e completará-se coa divulgación dun manual de compostaxe. O obxectivo do Concello, de acadar resultados positivos como esperamos, xa que temos o bon precedente da Illa de Arousa, é o de estender a compostaxe a todo o rural.

Segundo ADEGA, isto presenta claras vantaxes ambientais e económicas. A metade dos residuos ficarán no xardín ou na horta, convertendo-se nun fertilizante natural. Ao non verter residuos orgánicos, reducirá-se fortemente o custo da recolla selectiva do lixo, xa que ademais de prescindir dun contenedor, a recolla dos materiais inertes pode ser optimizada, reducindo a súa periodicidade. Dado que a maior parte dos inertes son envases e embalaxes, cuxa xestión debe ser pagada polos fabricantes e comerciantes, o custo da xestión do lixo para as xentes do rural podería ser nulo.

AS ENCROBAS, XOVE, BALDAIO,... FORON ESCENARIO DE MOBILIZACIÓNS EN DEFENSA DA TERRA

HAI 25 ANOS

Ramón Muñiz*

HAI 25 ANOS A OPOSICIÓN POLÍTICA EN GALIZA TIÑA A COR VERDE, NAS ENCROBAS, EN BALDAIO, EN XOVE, EN FRUIME, EN PORTODEMOUROS... CON ESTE RECORDO QUEREMOS HOMENAXEAR AQUELAS COLECTIVIDADES QUE DEFENDERON OS SEUS DEREITOS A TRAVÉS DUNHAS LOITAS QUE FORON REALMENTE ECOLÓXICAS, PORQUE FIXÉRONSE CONTRA A RUPTURA DO EQUILIBRIO ENTRE O HOME E A TERRA.

Hai 25 anos a oposición política en Galiza tiña a cor verde. Eran os homes e mulleres do campo quen se enfrentaban a un capitalismo depredador que pretendía usurparlles as terras, e aos poderes públicos que trataban de asoballalos con impostos abusivos, manifestándose polas rúas das vilas e cidades, invadindo as estradas cos tractores, ocupando os montes da súa pertenza ou impedindo o asulagamento das súas propiedades.

Foron os labregos e labregas os protagonistas das grandes mobilizacións da época da transición política, sinalando que o agrarismo, lonxe de esmorecer, permanecía unicamente agochado, obrigado polas circunstancias políticas, pero que entón rexurdía con forza para axustar certas contas pendentes cunha lexislación inxusta derivada dun poder político despótico.

Nas Encrobas, un fértil e tranquilo val do concello de Cerceda habitado por unhas 300 familias dedicadas en grande parte á agricultura, a empresa FENOSA, a través da súa filial LIMEISA, requeriu a expropiación das súas terras para a explotación dunha mina de lignitos a ceo aberto que alimentaría a central térmica de Meirama.

A marisma de Baldaio, no concello de Carballo, sufriu a agresión da empresa Baldayo SL, que conseguiu a concesión de 200 ha da súa superficie para a extracción de area, impedindo aos veciños da zona a libre utilización da praia, como secularmente viñan facendo para mariscar, e causando unha desastrosa agresión ecolóxica.

No contorno de Xove, pretendíase instalar unha central nuclear polas empresas Fenosa, Electra do Viesgo e Hidroeléctrica do Cantábrico, coa peri-



O 10 de abril de 1977 miles de persoas participaron nunha marcha que percorreu os 12 km que separan Viveiro do lugar de Xove onde FENOSA proxectou construír unha central nuclear. Á dereita da foto está o autor deste artigo.

gosidade das fugas radiactivas que encerra tal inxenio e da destrución da riqueza pesqueira da que vivían moitas familias da Mariña luguesa, polo cambio da temperatura do mar ao recibir as augas quentes produto da refrixeración da central.

FORON OS LABREGOS E LABREGAS OS PROTAGONISTAS DAS GRANDES MOBILIZACIÓNS DA ÉPOCA DA TRANSICIÓN POLÍTICA, SINALANDO QUE O AGRARISMO, LONXE DE ESMORECER, PERMANECÍA UNICAMENTE AGOCHADO, OBRIGADO POLAS CIRCUNSTANCIAS POLÍTICAS

E así poderíamos seguir coas loitas polos montes veciñais en man común ou

contra o asulagamento das terras para a construción de encoros, etc.

Deste xeito, o mundo campestre viuuse atacado na base da súa existencia: a terra.

A terra para o labrego é moito máis que un medio de produción, un elemento para a obtención duns ingresos. A terra para o labrego é unha forma de vida. A terra confírelle autoridade, prestixio, seguridade. A terra perpetúa a liñaxe, dá continuidade á casa. O labrego convive coa terra, pensa na terra, fala da terra, sofre e goza coa terra. A terra representa a máxima preocupación para o labrego porque é o pilar da súa vida. En definitiva, a terra non é para o labrego un medio de vida senón un modo de vida. Polo tanto, sacarlle a terra é como quitarlle todo o que é.



O 8 de maio de 1977, despois dun acto de homenaxe a un veciño morto en 1976, ao se agravar a doenza que padecía despois de ser obrigado pola Garda Civil a camiñar durante 10 Km coas roupas molladas e un saco de berberechos ao lombo, unhas 1.000 persoas dirixíronse á marisma de Baldaio (Carballo), daquela outorgada en concesión a unha empresa privada.

Por eso non é de extrañar a virulenta resposta labrega ao longo da Historia cando as súas terras eran usurpadas e por eso se entenden os sucesos ocorridos en 1977 en Galiza, cando os labregos e labregas das Encrobas, un despacible 15 de febreiro subiron ao monte Pau Rañou coas súas ferramentas de traballo para impediren que

utilizando todos os medios antidisturbios que posúan, resultando tamén varios feridos, algúns de gravidade, e numerosos detidos que incluso pasaron á xurisdicción militar acusados de agresión á forza armada.

E así poderíamos continuar coas numerosas sublevacións campesiñas ocorridas nese ano, como en Xove, onde unhas 8.000 persoas, un día de abril, invadiron o adro da igrexa des-

FENOSA ocupase as súas terras. Alí enfrentáronse corpo a corpo coas forzas da Garda Civil nunha desigual loita que durou varias horas e provocou numerosos feridos e só rematou cando os "civís" foron detendo un a un aos homes ata que non quedou ningún no monte.

Tamén foi un 8 de maio cando ocorreu a coñecida xa como "batalla de Baldaio" na que a Garda Civil, con numerosos efectivos, tratou de impedir a ocupación simbólica dos veciños da praia que lles pertencía, utilizando todos os medios antidisturbios que posúan, resultando tamén varios feridos, algúns de gravidade, e numerosos detidos que incluso pasaron á xurisdicción militar acusados de agresión á forza armada.

pois de percorreren 12 km desde Viveiro, conformando unha longa serpe pola estrada en oposición á central nuclear; ou como en Fruime, pola recuperación do monte veciñal en man común coa ocupación do monte polos labregos para impedir os deslindes da administración forestal a favor do cacique de turno; ou como en Portodemouros, Campobecerros, Navia de Suarna, con manifestacións e nalgúns casos duros enfrentamentos coa Garda Civil, por parte dos labregos que se opuñan á expropiación das terras pola construción dos encoros; ou como en Lugo, co desbordamento do seu pavillón de deportes por miles de labregos convocados polas CC.LL pola abolición da cuota empresarial da seguridade social agraria, que deu lugar á folga xeral labrega de 3 días nos que as vilas galegas víronse tomadas por centos de tractores, posiblemente na maior mobilización agraria que se lembra en Galiza.

Rememorar hoxe, despois de 25 anos, estes feitos, "os nosos feitos" que o nacionalismo popular reivindicaba pola súa decidida intervención en todos eles, é importante porque a memoria dun pobo é fundamental para a súa autoestima, sobre todo cando esas lembranzas teñen un significado revalorizador da súa dignidade, como sucedeu nestes casos.

Queremos, tamén, con este recordo, homenaxear aquelas colectividades que defenderon os seus dereitos a través dunhas loitas que foron realmente ecolóxicas, porque fixéronse contra a ruptura do equilibrio entre o home e a terra coa intención da destrución de ambos, porque romper ese equilibrio non só significaba un negativo impacto ambiental, material, físico, senón tamén anímico, vivencial, duns seres humanos.

Foron moitos os protagonistas daquelas loitas, pero non podo rematar sen deixar de destacar a un que xa entrou nos anais da Historia do noso agrarismo, o sacerdote Moncho Valcarce, que se gañou o cariño e admiración de todo o campo pola súa decidida actuación a carón dos labregos e, por suposto, a xenreira de todo o caquismo. O campo quedou máis valeiro sen el.

** Sociólogo. Participou en moitas das mobilizacións sociais ás que fai referencia este artigo*



Imaxe da manifestación de veciños e veciñas das Encrobas (Cerceda) celebrada na Coruña en 1976. Rematou cunha carga brutal da policía.

A SGHN PRESENTA UNHA PROPOSTA DE RECUPERACIÓN

A RECUPERACIÓN INTEGRAL DA LIMIA É NECESARIA E POSIBLE

*Serafín González e Antonio Villarino**

A CHAIRA DA LIMIA FOI ATA HAI UNS 40 ANOS UN GRANDE COMPLEXO HÚMIDO CONSTITUÍDO POLA LAGOA DE ANTELA E DIVERSOS ASOLAGAMENTOS TEMPORAIS, INTERCONECTADOS POR CURSOS FLUVIAIS E RODEADOS POR UNHA PAISAXE AGROSILVOPASTORAL EN MOSAICO. EN ANOS DE CONDICIÓNS HIDROLÓXICAS NORMAIS SÓ A LAGOA TIÑA UNHAS 3.500-4.000 HA EN INVERNÍA. NAS ZONAS HÚMIDAS EXISTÍA UNHA GRANDE VARIETADE DE HÁBITATS: AUGAS LIBRES DE POUCA PROFUNDIDADE (2-5 M), AUGAS CON VEXETACIÓN ACUÁTICA FLOTANTE E EMERXENTE, VEIGAS ASOLAGABLES CON HERBÁCEAS OU MATO RALO,... A PAISAXE AGRARIA ERA TAMÉN UN MOSAICO DE TERRAS CULTIVADAS E PASTEIROS CON SEBES ARBORIZADAS E ARBOREDAS AUTÓCTONAS ESPALLADAS. A SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN) ELABOROU UNHA PROPOSTA QUE PRETENDE A RECUPERACIÓN INTEGRAL DA LIMIA, A RESTAURACIÓN DO SEU EXCEPCIONAL PATRIMONIO AMBIENTAL.



Serafín González

As concentracións parcelarias executadas na Limia levaron á súa esteparización. A intensa deforestación diminuíu a rendibilidade agrícola, ao desaparecer os beneficios da vexetación arbórea e arbustiva sobre o control das pragas nos cultivos, o microclima, a erosión e as inundacións.





No proceso de transformación hidrolóxica da Limia alargáronse, profundizáronse e rectificáronse as canles, que se limparon e dragaron; ademais, construíronse moutas de area lonxitudinais á canle e estabilizáronse as beiras. Para maximizar a terra cultivable, construíronse drenaxes demasiado estreitas que, pese á súa profundidade, son insuficientes para desaugar as enchentes das invernías pero que, pola súa profundidade, impoñen un desmesurado descenso da capa freática no verán, o que orixina unha sequidade estival crecente.

Agás nos terreos da antiga lagoa, onde se plantaron sebes cortaventos, a eliminación da vexetación non cultivada, co pretexto de aumentar a produtividade e facilitar a mecanización, conduciu á esteparización da Limia. A intensa defo-














Serafín González

Veigas de Rairiz. En Rairiz, onde non se realizou a parcelaria, persiste a paisaxe agraria tradicional da Limia. Este municipio posúe unha boa base para un desenvolvemento agrogandeiro sostíbel, que podería recibir fondos europeos.



A canalización dos cursos fluviais e a destrución da paisaxe agraria tradicional provocan unha perda dramática de diversidade biolóxica.



Neste gráfico amósanse as fases da restauración dun río canalizado. A restauración de zonas de ribeira ofrece maiores beneficios económicos dos que daría a mesma terra adicada a colleitas.

ignora que os gritos de lamento pola seca estival na Limia son afogados polas enchentes regulares, que nalgúns zonas duran ata seis meses ó ano. O que precisa urxentemente a Limia é un plan para rexenerar a dinámica hidrolóxica, que compatibilice agricultura e gandería coa restauración de ríos, ribeiras e humidaís, como noutras zonas asolagables de Centroeuroa.

AS EXPLOTACIÓNS AREEIRAS

A explotación dos depósitos de area ocupa hoxe máis de 250 ha. Ata agora, a extracción de area ten sido unha actividade industrial caótica, bordeando as normativas ou en flagrante alegalidade. En 1992-93 comezou un proceso de regularización legal coa esixencia de estudos de impacto ambiental e planos de recuperación que son papel mollado. As intervencións da Xunta no último lustro para restaurar areeiras abandonadas non conseguiron polo de agora mellorar a simple natura-

lización espontánea.

A LIMIA CARA Ó SÉCULO XXI: RECUPERACIÓN INTEGRAL

Despois de corenta anos de destrución implacable, o interese ecolóxico e a capacidade de rexeneración da natureza limiá non deixa de sorprender, co seu inventario de 396 especies de vertebrados e varios hábitats e especies protexidos polas Directiva Hábitats e Aves. A Limia aínda é unha localidade importante, a nivel galego ou español, para a invernoada e/ou a cría de somorgullo pequeno, garza real, garza pequena, cegoña branca, alavanco real, cerceta real, galiña de río, avefría, becacina cabra, birulico común, pillara areeira e alcaraván.

A recuperación parcial da lagoa de Antela é técnica, social e economicamente posible mediante o desenvolvemento coordinado das seguintes medidas: 1) adquisición dos terreos marxinais para a agricultura polos asolagamentos frecuentes que estragan as colleitas; 2) aumento da largura e redución da profundidade dos canais a expensas das pistas e estradas que os bordean, asegurando sempre o acceso ás leiras; 3) creación de charcas extensas de 1-2 m de profundidade baixo o nivel freático nos terreos de titularidade pública na chaira de Antela.

restación eliminou os beneficios da vexetación arbórea e arbustiva sobre o control das pragas nos cultivos, o microclima, a escorrentía e as inundacións, diminuíndo a rendibilidade agrícola.

A CONCENTRACIÓN PARCELARIA

A roturación de terras marxinais, pola deforestación e a drenaxe de áreas asolagables, supuxo un elevado custo económico e ambiental, a miúdo inútil, pois extensas superficies nunca se puxeron en cultivo. Así, parte da "mellor terra do mundo para o cultivo da pataca", foi devorada pola extracción de áridos e solo urbanizable, ou xace soterrada pola desmesurada rede de pistas, dous aeródromos, tres polígonos empresariais, os refugallos da propia concentración parcelaria, escombres ou vertedoiros. Incomprensiblemente, estas actuacións contrarias a Directivas europeas financiáronse con fondos comunitarios dende o ingreso de España na U.E.

A agricultura limiá emprendeu unha "fuxida cara adiante": cada vez precisa maiores insumos (enxerxa, fertilizantes, praguicidas, auga) para obter maiores producións, que conducen ó afundimento dos prezos e a maiores excedentes, pois o mercado demanda cada vez máis alimentos sans, sabrosos e nutritivos. Xusto o contrario das patacas con mal sabor polos produtos agroquímicos, como xa

sucedeu na Limia. Quizais esteamos perto dunha crise de "patacas tolas".

DESPOIS DE CORENTA ANOS DE DESTRUCCIÓN IMPLACABLE, O INTERESE ECOLÓXICO E A CAPACIDADE DE REXENERACIÓN DA NATUREZA LIMIÁ NON DEIXA DE SORPRENDER, CO SEU INVENTARIO DE 396 ESPECIES DE VERTEBRADOS E VARIOS HÁBITATS E ESPECIES PROTEXIDOS POLAS DIRECTIVAS HÁBITATS E AVES

Por outra banda, cultivos que hai 10 anos non o precisaban, hoxe teñen que ser regados e, mentres as instalacións de bombeo aumentan cada verán, a auga é máis escasa. Pola rega irracional, os niveis freáticos baixan dramaticamente. Mesmo a toponimia está ameazada: dende 2000, nos veráns, Xinzo xa case non é "de Limia" e Rairiz comeza a non ser "de Veiga". Máis aló da linguaxe, o resultado é unha menor competitividade polo encarecemento das producións agrícolas, e unha grave degradación dos ecosistemas fluviais.

Ultimamente preténdese recuperar un plan franquista de regadíos. Este plan

Para restaurar os cursos fluviais limiaos será necesario ampliar o espazo dispoñible para o desprazamento lateral do río, establecendo unha banda de largura variable a cada lado da canle. Logo será preciso recuperar a morfoloxía primitiva, controlar a erosión de fondo, aumentar a heteroxeneidade de hábitats e condicións hidráulicas, conectar funcionalmente as canles coas súas chairas de asolagamento, e, só nalgúns casos, repoboar o bosque de galería, pois na Limia a súa recolonización natural "gratuita" é relativamente rápida.

A CONSERVACIÓN DAS ARBOREDAS CADUCIFOLIAS ADEVESADAS NO CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA É PRIORITARIA PORQUE SON ECOLOXICAMENTE MOI VALIOSAS. SON A IMAXE MÁIS AUTÉNTICA QUE SUBSISTE DA PAISAXE TRADICIONAL LIMIÁ

O proxecto de restauración deberá contemplar o deslinde das ribeiras e do dominio público hidráulico, así como os orzamentos para mercar algúns terreos ou subvencionar ós propietarios ribeiregos para que se acollan ás medidas protectoras ou plans de restauración. A restauración de zonas de ribeira ofrece maiores beneficios económicos dos que daría a mesma terra adicada a colleitas, pois as bandas ribeiregas teñen valores desproporcionados para a súa relativamente pequena superficie: protexen contra a eutrofización e a erosión, reteñen sedimentos, controlan a temperaturas das augas, melloran a paisaxe e incrementan a biodiversidade.

AS VEIGAS

Como recoñeceu o Consello Galego de Medio Ambiente, é necesario adoptar as seguintes medidas para rexenerar as veigas de Rairiz, que se poden facer extensivas ó resto das veigas limiás: 1) suprimir as pistas sen utilidade agrícola, comprendidas entre os ríos da chaira e o límite das leiras coas veigas; 2) rexenerar a dinámica hidrolóxica, que é a chave do seu sobranceiro interese ecolóxico, incluíndo a recuperación dos cauces meandriiformes naturais no interior das veigas, sen afectar ós terreos agrícolas.

Os áridos procedentes da eliminación das moutas de area e as pistas a carón dos ríos poderían aproveitarse para suavizar os taludes de charcas areeiras e facilitar a súa naturalización, crear pequenas elevacións con observatorios ornitolóxicos e

tamén para desviar da veiga a estrada A Saínza-Toxal (elevándoa un pouco para evitar o asolagamento nas enchentes).

Deberíanse eliminar as entulleiras que, en boa parte, están a colmatar antigos meandros, pozas e áreas asolagables. Para minimizar os custos destas obras, os entullos retirados das zonas húmidas poderían acumularse perto delas para, unha vez consolidados, recobertos de terra e revegetados, convertelos en pequenos observatorios da zona restaurada.

AS CHARCAS AREEIRAS

A conversión das areeiras xa explotadas en zonas húmidas artificiais funcionais é a mellor alternativa para a súa recuperación ambiental. Para iso, cómpre planificar estas explotacións para que, sen afectar á rendibilidade, se garanta unha auténtica recuperación ambiental, que precisa beiras con extensión, pendente e profundidade axeitadas para garantir a colonización botánica e faunística, ademais dun mosaico de hábitats acuáticos e terrestres para acadar unha grande diversidade biolóxica e paisaxística.

A ROTURACIÓN DE TERRAS MARXINAIS, POLA DEFORESTACIÓN E A DRENAXE DE ÁREAS ASOLAGABLES, SUPUXO UN ELEVADO CUSTO ECONÓMICO E AMBIENTAL, A MIÚDO INÚTIL, POIS EXTENSAS SUPERFICIES NUNCA SE PUXERON EN CULTIVO

Ademais, as administracións públicas deberían promover, directamente ou por convenios cos areeiros, a consecución de varias charcas de 70-100 has e 1-2 m de profundidade baixo o nivel freático para que sexan densamente colonizadas por bién, espadana e carrizo. Deste xeito permitiríase o retorno coma reprodutores á Limia, e xa que logo a Galicia, de especies extinguidas, coma o bruión e as charrelas.

A ARBOREDA

A conservación das arboredas caducifolias adevesadas no concello de Rairiz de Veiga é prioritaria porque son ecoloxicamente moi valiosas. Son a imaxe máis auténtica que subsiste da paisaxe tradicional limiá, polo que, xunto cunhas veigas recuperadas, poden ser o "sinal de identidade" máis valioso, e "vagón de engancho" das iniciativas para a explotación sostible do agroeco-



As organizacións ambientalistas mobilizáronse contra as irracionais concentracións da Limia. Na foto vese unha pancarta despregada na torre de Porqueira.

sistema limiao. Nun futuro próximo poderían converterse nas "paxareiras" da Limia que, como as de Doñana, serían unha atracción para o turismo ecolóxico. É imprescindible concienciar ós veciños de Rairiz de que, lonxe de seren os únicos na Limia non "favorecidos" pola parcelaria, son os únicos na Limia que conservan case todo o que tiñan de interese cara ao futuro de coexistencia harmoniosa de natureza e explotación agrogandeira sostible,... e subvencionable con fondos europeos.

Polos seus beneficios agrícolas e ecolóxicos, deben conservarse e recuperarse as sebes. Na chaira antelá, os cortaventos de árbores alóctonas, moi danadas por talas e queimas, deberían substituírse paulatinamente por árbores e arbustos autóctonos. As estreitas sebes entre parcelas, apenas dúas ringleiras de árbores, deberían, alomenos, duplicar a súa largura, o mesmo que as propias drenaxes. No resto dos terreos concentrados é preciso plantar sebes de especies autóctonas ó carón das pistas da parcelaria e entre parcelas agrícolas; o espazo preciso podería proceder das propias parcelas, mediante subvencións e exencións fiscais ós propietarios, ou reducindo á metade a largura das pistas, facéndoa de dirección única (como moitas rúas nas vilas).

** Serafín González é presidente da SGHN e investigador do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia do CSIC. Antonio Villarino é directivo da SGHN e un veterano ornitólogo.*

Tamén

DEPENDE DE TI



*Plan de tratamento
de residuos sólidos
urbanos de A Coruña*



Na natureza os residuos son aproveitados nun ciclo permanente de produción e reciclado.

Imitar á natureza para acadar que as novas xeracións disfruten dun planeta e unha cidade en equilibrio ecolóxico tamén depende de ti. Para iso necesitamos a túa colaboración: separa o lixo na túa casa e deposítalo nos contedores correspondentes.

Coa a túa axuda, na Coruña, daremos un novo valor a todo o que che sobra.



Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña

 **Albada**

Babcock Kommunal - Tecmed UTE

O PATRIMÓNIO XEOLÓXICO: PROTECCIÓN, CONSERVACIÓN E XESTIÓN (I)

Fins Eirexas*

OS CONCEITOS DE PATRIMÓNIO XEOLÓXICO, XEODIVERSIDADE, XEOCONSERVACIÓN E XEO-RECURSOS CULTURAI SÓN HOMÓLOGOS AOS DE PATRIMÓNIO BIOLÓXICO, BIODIVERSIDADE, BIORRECURSOS CULTURAI S E BIOCONSERVACIÓN. PORÉN, RESULTAN PRACTICAMENTE DESCOÑECIDOS PARA O PÚBLICO EN XERAL E MESMO PARA AS ADMINISTRACIÓNS ENCARGADAS DA SUA XESTIÓN, ATÉ O PONTO DE QUE CONSERVACIÓN ASOCIA-SE EXCLUSIVAMENTE Á CONSERVACIÓN BIOLÓXICA. AS POLÍTICAS DE PROTECCIÓN E XESTIÓN DOS ESPAZOS NATURAI S ORIENTARON-SE PRINCIPALMENTE CARA AO PATRIMÓNIO BIOLÓXICO, ARQUEOLÓXICO E ETNOGRÁFICO. ATÉ O DE AGORA, O PATRIMÓNIO XEOLÓXICO E OS XEO-RECURSOS CULTURAI S GALEGOS NON FORON CONSIDERADOS UN ACTIVO NATURAL E CULTURAL AO MESMO NÍVEL QUE OS SEUS EQUIVALENTES BIOLÓXICOS, MÁLIA Á EXCEPCIONAL RIQUEZA XEOLÓXICA DE GALIZA.

As causas desta situación teñen que ver coa escasa ou nula divulgación das Ciencias da Terra por parte dos profesionais, máis proclives á endogamia; co cativo peso destas materias nos programas de ensino médio, e coa escasa presenza de xeólogos con capacidade de decisión nas administracións competentes. Todo isto provoca que a sociedade non estexa sensibilizada coa consevación do patrimonio xeolóxico, que os médios de comunicación tampouco contribúan a divulgá-lo, e que os poderes públicos non artellen medidas efectivas e concretas para a súa protección.

CONCEITOS

Pode-se definir o **patrimonio xeolóxico** como todos aqueles elementos, formacións e estruturas xeolóxicas, paisaxes xeomorfolóxicas, xacementos paleontolóxicos e mineralóxicos, etc., de significativo valor para recoñecer, estudar e interpretar a historia e a evolución xeolóxica dun territorio. Trátase dun rexisto que armazena información acerca dos climas, os ecosistemas e as paisaxes do pasado e que axuda a interpretar e recoñecer os procesos naturais que acontecen na actualidade no planeta. Pode dicirse, portanto, que este rexisto constitúe a Memória da Terra. Non é posible coñecer a historia da vida na Terra sen coñecer a do propio planeta.

O patrimonio xeolóxico é un ben común que forma parte inseparable do patrimonio natural e cultural da Humanidade. É un recurso natural finito e esgotábel; a súa destrución é sempre irreversible e a súa desaparición conleva a perda dunha parte da memoria planetaria.



Penedos de Oulego, no recentemente declarado Parque Natural da Serra da Lastra.

A súa importancia pon-se de manifesto nas conclusións da Declaración Internacional de Digne, froito do Primeiro Simposio Internacional sobre Patrimonio Xeolóxico celebrado en 1991 en Digne (Francia), e que no seu artigo 7º di: "O pasado da Terra non é menos importante que o da súa Humanidade. É hora xa de que ésta aprenda a coñecé-lo; é unha memoria anterior á memoria do home e un novo patrimonio: o Patrimonio Xeolóxico". O artigo 8º di tamén: "O patrimo-

nio xeolóxico é un ben común da Humanidade e da Terra, cada persoa, cada goberno, non é mais que o depositario deste patrimonio. Cada quen debe comprender que toda predación é unha mutilación, unha destrución, unha perda irreparable. Calquera xeito de desenvolvemento debe ter en conta o valor e a singularidade deste patrimonio".

A **xeodiversidade** refere-se ao número e á calidade de rexistos xeolóxicos de interese para a ciencia e a educación. Relaciona-se co patrimonio xeolóxico, resultando que para determinar a xeodiversidade dun territorio cómpre coñecer primeiro os valores xeolóxicos presentes nel.



O Canón do Sil é un dos máis espectaculares da Península Ibérica.



Parque Natural das Dunas de Corrubedo. A súa duna móbil ten unha lonxitude de 1 km e unha altura máxima de 20 m.

A xeodiversidade pode entender-se por exemplo, como a presenza de formacións provenientes da evolución de antigos oceanos e diferentes continentes (**diversidade paleoxeográfica**). Tamén como a presenza de diferentes tipos de rochas (**diversidade litolóxica**), nas que están representadas as idades que abranguen toda a escala do tempo xeolóxico (**diversidade cronolóxica**); os múltiples e variados ambientes sedimentarios e biolóxicos co seu rico rexisto fósil (**diversidade paleontolóxica**); a presenza das testemuñas de variados eventos e procesos xeotectónicos (**diversidade estrutural**), procesos que condicionaron a xénese de importantes xacementos minerais (**diversidade mineralóxica**). Todo isto modelado por unha ampla variedade de procesos morfoxenéticos, dende os relictos sistemas glaciares do Xurés até os ambientes kársticos das Covas do Rei Cintolo, desde o sistema fluvial encaixado do Sil até os ambientes eólicos e mariños das dunas de Corrubedo ou os cantís de Ortegál (**diversidade xeomorfolóxica e paisaxística**).

O PATRIMONIO XEOLÓXICO É UN REXISTO QUE ARMACENA INFORMACIÓN SOBRE OS CLIMAS, OS ECOSISTEMAS E AS PAISAXES DO PASADO E QUE AXUDA A INTERPRETAR E RECOÑECER OS PROCESOS NATURAIS

A xeodiversidade dun territorio condiciona en grande medida a elaboración de planos de ordenación e xestión do mesmo. A consideración conxunta de xeodiversidade e biodiversidade leva-nos a contemplar integralmente a diversidade natural, en cuxo marco establecen-se relacións mútuas. A percepción integral

da biodiversidade e a xeodiversidade dun territorio debe ser un primeiro paso cara a aplicación de políticas de xestión baseadas no desenvolvemento sustentábel.

O concepto de **xeorrecurso cultural** amplía a definición de patrimonio xeolóxico e relaciona-se intimamente coa xeodiversidade: unha maior xeodiversidade nun territorio vai proporcionar un maior abano de xeorrecursos culturais potencialmente aproveitábeis. Neste senso, podería definir-se un xeorrecurso cultural como un elemento, conxunto de elementos, lugares ou espazos de alto valor xeolóxico que cumpran alomenos unha das condicións seguintes:

- Que teñan un elevado valor científico e/ou didáctico, polo que deben ser obxecto tanto dunha protección axeitada como dunha xestión específica.
- Que sexan susceptíbeis de ser utilizados e xestionados como recurso coa finalidade de incrementar a capacidade de atracción global do territorio, e en consecuencia, de mellorar a calidade de vida da poboación do seu entorno (un xeorrecurso pode non ter un excepcional valor científico pero si unha alta potencialidade económica -xeoturística-).

Os xeorrecursos, como activo económico e cultural, son estáticos, isto é, a súa observación non depende da sorte ou da técnica para poder desfrutá-los (fauna) ou da estacionalidade (vexetación e flora).

A **xeoconservación** propugna a necesidade de pór en práctica políticas activas de conservación do patrimonio xeolóxico e da xeodiversidade. Os seus métodos e obxectivos son análogos aos das políticas xa avanzadas en materia de conservación do patrimonio biolóxico e da biodiversidade, e a súa implementación debería-se efectuar de xeito conxunto con éstas.

SITUACIÓN LEGAL

A protección do Patrimonio Xeolóxico no Estado español e na Galiza estivo presente con máis forza no movemento conservacionista de principios do século XX que na actualidade. Abonda lembrar a Orde de 1927 sobre Sítios e Monumentos Naturais, ao abeiro da cal foron incluídos espazos tan emblemáticos na Galiza como o Cume da Curtoña, a Punta de Estaca de Bares, ou o Cabo Vilán (Orde Ministerial do 31/10/1933).

As leis estatais de Patrimonio Histórico (1985) e de Conservación dos Espazos Naturais (1989) adican un espazo á protección do patrimonio xeolóxico, aunque (salvo raras excepcións) non dun xeito directo no tocante a espazos ou monumentos xeolóxicos *per se*. Asemade, a existencia desta mesma categoría de protección nos dous textos legais provoca unha duplicidade de competencias, en particular no referido ao patrimonio paleontolóxico.

A PERCEPCIÓN INTEGRAL DA BIODIVERSIDADE E A XEODIVERSIDADE DUN TERRITORIO DEBE SER UN PRIMEIRO PASO CARA A APLICACIÓN DE POLÍTICAS DE XESTIÓN BASEADAS NO DESENVOLVIMENTO SUSTENTÁBEL

Dada a inexistencia dun marco regulamentar propio e específico, tende-se a canalizar a protección do patrimonio xeolóxico mediante a lexislación ambiental. A esta tendencia contribúe tamén outra circunstancia: a consideración do patrimonio xeolóxico non só como un recurso científico ou educativo senón como un recurso económico de interese na aplicación de estratexias de desenvolvemento sustentábel nun determinado territorio.

O CENÁRIO GALEGO

A utilización económica do patrimonio xeolóxico e dos xeorrecursos culturais no marco do desenvolvemento sustentábel exige previamente unha definición clara dos criterios de uso e xestión destes elementos. Para isto, precisa-se unha protección legal eficaz de cada un deles, para o que resulta imprescindible a súa identificación e valoración. Non existe polo momento un inventario deste tipo de recursos, nen a nivel estatal nen no ámbito da Comunidade Autónoma Galega. Até o de agora, no noso País a protección e conservación do patrimonio xeolóxico ficou tamén subsumida na lexislación xeral de protección ambiental.


**CÓMPRE DESTACAR O
IMPORTANTE PAPEL DO
LABORATORIO XEOLÓXICO DE
LAXE, IMPULSADO POR
ISIDRO PARGA PONDAL, NA
DIVULGACIÓN E O ESTUDO
DO PATRIMÓNIO XEOLÓXICO
GALEGO**

Asemade, a Lei 1/1995 de Protección Ambiental de Galiza sinala que *"son elementos que teñen que protexer-se: o medio natural constituído pola poboación, a fauna, a flora, a diversidade xenética, o*

solo, o subsolo, a água, o ar, o clima e a paisaxe, así como a interrelación entre os elementos antes mencionados".

A máis recente Lei 9/2001 de Conservación da Natureza supón a creación da Rede Galega de Espazos Protexidos, entre cuxas distintas categorías teñen cabida, novamente de xeito indirecto, elementos que forman parte do noso patrimonio xeolóxico. Quizais a categoría onde mellor poden encaixar os xeorrecursos culturais é a de Monumento Natural, definidos como *"espazos ou elementos da natureza constituídos por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial. Considéranse tamén monumentos naturais as formacións xeolóxicas e demais elementos da xea, así como os xacementos paleontolóxicos, que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos"*.

A nivel académico, cómpre destacar o importante papel do Laboratorio Xeolóxico de Laxe (hoxe dependente da Universidade da Coruña) na divulgación e o estudo do patrimonio xeolóxico galego. Sen embargo, a trascendencia do labor encetado nos anos 30 polo galeguista e pioneiro da xeoloxía galega Isidro Parga



A Fervenza do Xallas é un valiosísimo xeorrecurso estragado por un aproveitamento hidroeléctrico.

Pondal, non acadou a debida repercusión social e institucional. Cecais polas razóns expostas no limiar, estes traballos apenas sobardan o ámbito académico. Até o momento non se teñen abordado estratexias concretas para a protección, conservación e xestión do rico patrimonio xeolóxico galego.

** Xeólogo e membro da Xunta Directiva de ADEGA*

Polo que pasou, polo que pasa,
polo que poida pasar. O mellor, poñer



Agora, máis que nunca

• "HOY POR HOY" Inaki Gabilondo 6:00 a 12:30 h.

a Inaki Gabilondo. A radio cambia.

Pero Hoy por hoy segue onde sempre.

Agora máis que nunca. Cadea SER.

A boa radio.

www.cadenaser.es

CADENA
SER

A CREDIBILIDADE do Nº1

GALIZA TEN AS EMISIÓNS POR HABITANTE DE CO₂ MÁIS ALTAS DE EUROPA

ELECTRICIDADE NEGRA

Xosé Veiras

TALVEZ ESQUECEMOS DEMASIADAS VECES QUE ESTÁN AÍ. O SEU IMPACTO AMBIENTAL NEGATIVO É ENORME, PERO EN PARTE É GLOBAL, POLO QUE PODE SEMELLAR MENOR DO QUE REALMENTE É. SON AS GRANDES CENTRAIS TÉRMICAS DE CARBÓN DE MEIRAMA (CERCEDA) E DE AS PONTES. NOS ÚLTIMOS 25 ANOS EMITIRON Á ATMOSFERA MILLÓNS DE TONELADAS DE GASES CONTAMINANTES PARA PRODUCIR ELECTRICIDADE DESTINADA EN GRANDE PARTE A OUTRAS ZONAS DO ESTADO ESPAÑOL. SON AS RESPONSÁBEIS DE QUE GALIZA TEÑA UNHAS EMISIÓNS PER CÁPITA DE DIÓXIDO DE CARBONO (CO₂), O PRINCIPAL GAS DE EFECTO INVERNADOIRO, MOI SUPERIORES ÁS QUE CORRESPONDERÍAN AO SEU NIVEL DE PRODUCCIÓN E CONSUMO.

A central termoeléctrica das Pontes, propiedade de ENDESA, é a de maior produción eléctrica do Estado español. Tamén é a central térmica española máis contaminante. Os beneficios xerados pola central das Pontes foron fundamentais no camiño que levou a ENDESA a se converter no que é hoxe, un dos maiores grupos eléctricos privados do mundo.

A central térmica de Meirama pertence a UNIÓN FENOSA. Ao igual que a das Pontes, utiliza como combustíbeis tanto o lignito pardo (un tipo de carbón) extraído na mina situada ao pé da central como carbón de importación menos contaminante co lignito. A partir do 2004 no caso de Meirama, e do 2008 no caso das Pontes, esgotadas as minas de lignito, as centrais térmicas queimaran só carbóns importados de Estados Unidos, Sudáfrica, Indonesia,....

Ademais das anteriores, no noso país hai unha central térmica máis, a de Sabón (Arteixo), propiedade de UNIÓN FENOSA. Ésta queima fuelóleo e só entra en funcionamento cando a demanda de electricidade non pode ser atendida adecuadamente con centrais cun menor custo de operación.



A central térmica de carbón das Pontes é a máis contaminante do Estado español. Vaise ampliar con novos grupos de ciclo combinado a gas natural.

As centrais térmicas xeran aproximadamente a metade da electricidade do noso país. Galiza exporta directamente a outras zonas do Estado español un 40 % da electricidade que produce. Xa que logo, se as centrais térmicas deixasen de funcionar deixaríamos de ser excedentarios en electricidade.

FÁBRICAS DE CAMBIO CLIMÁTICO


As centrais térmicas de As Pontes e de Meirama emitiron no ano 2000 15 millóns de toneladas de dióxido de carbono (CO₂), un gas de efecto invernadoiro, o principal causante do cambio climático global. Non se pode evitar a emisión de CO₂ á atmos-



CONSULTORA DO PATRIMONIO
NATURAL E CULTURAL

- Estudio e Xestión do Patrimonio Natural e Cultural.
- Realización dos PORN (Planos de Ordenación dos Recursos Naturais).
- Xestión Ambiental.
- Ordenación e Xestión Agro-forestal.
- Axenda 21 Local.
- Inventarios e Catálogos de Bens Culturais.

Isidoro Queimaliños, 31
36.800 Redondela (Pontevedra)
Tel: 986 405 001 / 678 702 683
eidosconsult@navegalia.com



Escenario enerxético de Galiza para o 2010. Segundo o Libro Branco da Enerxía da Consellería de Industria, no ano 2010 as centrais térmicas de carbón producirán a mesma electricidade que na actualidade.

fera cando se queiman combustíbeis fóséis. Non é posíbel reducir sustancialmente as emisións de CO₂ das centrais térmicas, como si se pode facer con outros gases ou coas partículas sólidas. Ademais, o carbón é o combustíbel fósil que produce máis CO₂ por unidade de electricidade, máis có derivados do petróleo e, sobre todo, có gas natural.

A MINA DAS PONTES É DUNHAS DIMENSIÓNS IMPRESIONANTES. TEN 6 KM DE LONXITUDE POR 2 DE LARGO E ATÉ 200 M DE PROFUNDIDADE

As emisións per cápita de CO₂ de Galiza son similares ás dos países europeos máis ricos. Isto é debido principalmente ao funcionamento das centrais térmicas,

auténticas fábricas de cambio climático. No contexto español, a nosa contribución ao temíbel cambio climático global é moi superior, por exemplo, á de cataláns e madrileños, a pesar de consumirmos menos electricidade e de termos un Produto Interno Bruto (PIB) por habitante ben menor.

En 1993, as centrais térmicas foron as responsábeis do 38% das emisións galegas de gases de efecto invernadoiro. As outras actividades humanas que máis gases responsábeis do cambio climático orixinaron foron a agricultura e a gandería (9%) e o transporte por estrada (7,4%).


O cambio climático é certamente o principal problema ambiental global. A propia Comisión Europea recoñece que os seus efectos en Europa serán desastrosos, aínda que, por un cruel paradoxo, serán os países do Sur empobrecido, os menos culpábeis, os

que levarán a peor parte. Sucesos como as recentes enchentes en Europa central poderían ser máis frecuentes se non se reducen drasticamente as emisións de gases de efecto invernadoiro.

O Protocolo de Quioto é só o primeiro paso para reducir as emisións humanas de gases causantes do cambio climático. Este Protocolo permite ao Estado español aumentar as súas emisións nun 15% no horizonte do 2008-2012, tomando 1990 como ano base. Un obxectivo permisivo e inxusto se temos en conta que as nosas emisións por habitante son bastante superiores á media mundial é ás ambientalmente aceptábeis. Máis mesmo así, estamos ben lonxe de cumprirmos o Protocolo. Con centrais térmicas de carbón como a de As Pontes e a de Meirama non resulta nada estraño.

A CHUVIA ÁCIDA

As centrais térmicas de carbón provocan a acidificación da chuvia. Cada ano emiten á atmosfera centos de miles de



As centrais de Meirama e As Pontes emiten elevadas cantidades de óxidos de xofre (SO_x).

VOLUMINOSOS

O Concello de Fene vén de implantar a recollida de voluminosos a domicilio, previa solicitude telefónica.

Este novo servizo gratuito reducirá o impacto medioambiental que estes residuos (electrodomésticos, mobles e entullos vellos) producen no noso contorno: constitúen unha auténtica molestia pola ocupación da vía pública, afean e provocan desorde nas zonas afectadas, e resultan altamente insalubres e antiestéticos.


O Concello aposta abertamente pola saúde medioambiental co firme propósito de facer de Fene un espazo máis saudable e atractivo, mellorando a calidade de vida dos seus habitantes.

Teléfonos de solicitude do servizo: 669 137 951 / 650 578 602
Horario de chamada: de 9 a 13 horas e de 15 a 19 horas

Servizos por parroquias:
Fene e Sillobre: último martes de cada mes
Perlo e San Valentín: último mércores de cada mes
Maniños e Barallobre: último xoves de cada mes
Limodre e Magalofes: último venres de cada mes

RECOLLIDA A DOMICILIO DE VOLUMINOSOS
(non se inclúen materiais de obra)

Unha aposta saudable
FENE
CONCELLO



As minas de lignito de Meirama e de As Pontes esgotaranse nos próximos anos. A partir do 2008, todo o carbón consumido nas centrais térmicas galegas será de importación.

toneladas de dióxido de xofre (SO₂) e de óxidos de nitróxeno (NO_x), gases que dan lugar a deposicións ácidas. Estas afectan negativamente á vexetación, ás augas, ao solo e á saúde humana (ver dossier sobre a chuvia ácida no nº 7 de Cerna).

Todo indica que a acidificación causada polas centrais térmicas de carbón é un problema importante. É podería selo aínda bastante máis se non fose porque a dirección predominante dos ventos arrastra ao mar parte dos gases ácidos e porque a natureza dalgúns dos nosos solos permite contrarrestar en certa medida os efectos da chuvia ácida.

Hai un interese claro por parte de ENDESA e de UNIÓN FENOSA en minimizar a importancia real do problema da acidificación. Recorren para iso á súa política de comunicación e ao financiamento de investigacións dirixidas por "xente de confianza". Por suposto, o conselleiro do ambiente, Carlos del Álamo, que non asu-

miu o cargo para complicarse a vida, aplaude esta estratexia.

A comezos dos 90, profesores do Departamento de Edafoloxía da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago (que realiza estudos financiados polas devanditas empresas) impediron que Ramón Varela, ex-presidente de ADEGA, lese a súa tese de doutoramento. Esta tese, que tivo que ser lida finalmente na Universidade Autónoma de Madrid, atribúe á chuvia ácida importantes danos rexistrados en plantacións de piñeiro.

Como consecuencia da aplicación de acordos internacionais, as emisións de gases ácidos das centrais térmicas diminuíron durante a pasada década e faranno aínda máis cando as centrais deixen de queimar lignito para utilizar só carbóns de importación, menos contaminantes.

EN 1993, AS CENTRAIS TÉRMICAS FORON AS RESPONSÁBEIS DO 38% DAS EMISIÓNS GALEGAS DE GASES CAUSANTES DO CAMBIO CLIMÁTICO, O PRINCIPAL PROBLEMA AMBIENTAL GLOBAL

AS MINAS A CEO ABERTO

As centrais térmicas de As Pontes e de Cerceda están situadas ao pé de extensas minas a ceo aberto das que se extrae o lignito usado como combustíbel. As minas destruíron totalmente o territorio afectado e obrigaron ao desprazamento dos labregos e labregas de varias aldeas.

A mina das Pontes é dunhas dimensións impresionantes. Ten 6 km de lonxitude por 2 de largo e até 200 m de profundidade. O lavado pola chuvia da súa superficie xera arrastres de enormes cantidades de augas ácidas con metais pesados e partículas sólidas en suspensión, augas que durante algúns anos vertéronse directamente ao río Eume. Desde mediados dos anos 80 este problema téntase paliar coa restauración da mina e da escombreira e co funcionamento dunha depuradora que está entre as maiores do mundo. Cando se esgote a mina, o oco creado será enchido con auga para formar un lago.

A presa do Eume, construída por FENOSA para producir electricidade, acabou sendo comprada por ENDESA. É e que, coa apertura da mina das Pontes, a función principal do encoro deixou de ser a produción de electricidade para ser a de diluidor e decantador dos vertidos da mina. Hai uns 8 millóns de m³ de sedimentos no fondo do encoro.

A extracción e a combustión do lignito e doutros carbóns nas centrais térmicas é a actividade industrial que máis residuos xera en Galiza.

OUTROS IMPACTOS


- As centrais térmicas utilizan enormes cantidades de auga. A das Pontes colle auga do encoro da Ribeira, no río Eume. Os de San Cosmade e Vilagudín construíronse para suministrar auga á central de Meirama.

- As centrais térmicas xeran metais pesados (chumbo, cadmio, mercurio,...). Unha estimación de Ecologistas en Acción calculou que As Pontes podería ter emitido só no ano 1999 2.670 kg de mercurio á atmosfera. A emisión da central de Meirama tería sido de 1.277 kg, polo tanto probablemente aínda maior que a da incineradora de SOGAMA situada nas proximidades.

AS CENTRAIS TÉRMICAS DE CARBÓN NON TEÑEN DATA PREVISTA DE PECHER. NIN MESMO COA ENTRADA EN FUNCIONAMENTO DAS NOVAS CENTRAIS TÉRMICAS DE GAS NATURAL SE PREVÉ UNHA REDUCCIÓN DA SÚA PRODUCCIÓN

- O transporte dos carbóns de importación desde os portos de Ferrol e de A Coruña até as centrais das Pontes e de Cerceda provoca un certo impacto, maior no primeiro caso por se facer en camións e non por tren. O desembarco do carbón nos peiraos orixina poeiras.

As centrais térmicas de carbón son plantas de produción enerxética propias do século pasado que non deberían ter lugar no escenario enerxético do século XXI. Porén, as centrais térmicas de carbón de As Pontes e de Meirama aínda non teñen data prevista de peche. Nin tan sequera a entrada en funcionamento ao longo desta década das novas centrais térmicas de ciclo combinado a gas natural de As Pontes (ENDESA) e de Sabón (Unión Fenosa) implicará unha redución da produción das centrais de carbón, de acordo coas predicións do Libro Branco da Enerxía de Galiza da Consellería de Industria.



As emisións de dióxido de xofre (SO₂) e de óxidos de nitróxeno (NO_x) das centrais térmicas de carbón poden ser transportadas polo vento a centos de quilómetros. Na atmosfera poden transformarse en ácido sulfúrico (H₂SO₄) e nítrico (HNO₃), que son posteriormente arrastrados pola chuvia (deposición húmida).

HAI OUTRAS ALTERNATIVAS PARA PREVER OS DANOS DAS ENCHENTES

RIO MERO: UN CANAL E DOUS ENCOROS

Manuel Soto

O PROXECTO DE CANALIZACIÓN DO RIO MERO (ELABORADO POLO MINISTÉRIO DE MEDIO AMBIENTE COA COLABORACIÓN DA XUNTA) SUPÓN A DETERIORACIÓN E PERDA DUN ELEMENTO DE IDENTIDADE SOCIAL E CULTURAL DUNHA GRANDE IMPORTÁNCIA, COMO SON EN XERAL OS RIOS EN GALIZA E O RIO MERO EN PARTICULAR PARA A BISBARRA CORUÑESA. O PROXECTO VAI ASOCIADO Á CONSTRUCCIÓN DUN NOVO ENCORO NA PARTE ALTA DO RIO, O QUE CAUSARÍA A ARTIFICIALIZACIÓN COMPLETA DESTA BACIA HIDROGRÁFICA E A PERDA DA MAIOR PARTE DA SUA BIODIVERSIDADE.

Existen outras alternativas de prevención do dano das enchentes, non mencionadas no proxecto, como a realización de planos hidrolóxico-forestais que diminúan a escorrentía e a erosión, a restauración de zonas húmidas que contribúan á regulación natural das avenidas e, especialmente, as medidas urbanísticas de prevención fronte á invasión do Dominio Público Hidráulico (DPH), e a restauración deste.

Por outra banda, detrás desta problemática tamén agochan-se os usos abusivos da auga, domésticos e industriais, por un total de medio millón de habitantes equivalentes. O Plano Hidrolóxico de Galiza-Costa prevé incrementar a regulación de auga en Cecebre e un transvase desde o Anllóns para facer fronte a tal demanda. Revisar estes usos, gañando eficiencia e aforrando auga, mediante unha nova cultura da auga, é imprescindible para prevenir a deterioración fluvial.

IMPACTOS AMBIENTAIS NESTA ÁREA DO RIO

A área afectada polo proxecto corresponde-se co último tramo do río Mero, duns 10 km de lonxitude, augas abaixo do actual encoro de Cecebre. Oficialmente ten-se recoñecido a invasión urbanística do DPH, con edificacións industriais, vivendas particulares e peches de fincas, até bloquear a servidume de paso. Antes da construción do encoro de Cecebre, estas áreas eran inundadas de forma natural durante as enchentes do río, polo que tradicionalmente non se construíu nestas zonas.

A propia Lei de Aguas establece o dominio público sobre as zonas de inundación ordinaria, ademais da limitación de usos na marxe de policía de 100 m a cada lado do leito fluvial. Estamos por tanto diante dun problema causado polo urbanismo selvaxe e contrario ás condicións naturais dos terreos, así como dunha planifica-

ción hidráulica miope, que nunca tivo en conta a prevención deste tipo de problemas.

Ademais, existen frecuentes vertidos de augas residuais sen depurar e o propio encoro de Cecebre supuxo limitacións para algunhas especies piscícolas no río Mero (reio, anguía, salmón...) e a contaminación está contribuíndo á desaparición destas e doutras especies do tramo inferior á presa.

O PROXECTO


O proxecto que se presenta ten só o obxectivo de resolver os danos das enchentes ocasionados a infraestruturas situadas nas zonas de inundación natural, consolidando así a usurpación do DPH e causando ademais un grave impacto ambiental.

Segundo o proxecto, modificará-se o eixo actual do río nuns 4,2 km e a rasante nuns 2,2 km; acondicionará-se o leito e as marxes nuns 11,2 km.; derrubarán-se oito pontes, unha pasarela e unha presa que inciden na capacidade de desagüe do río e trasladarán-se unha pasarela e dúas pontes de valor patrimonial; instalará-se unha obra de fábrica nun tramo de río e construírán-se oito muros in situ; crearán-se paseos peonais en ambas marxes; e revexetará-se a bacía. O orzamento supera os 14 millóns de euros (2.346 millóns de ptas).

Desde o punto de vista ambiental, o alcance do proxecto afecta a toda a conca do río Mero, xa que segundo se indica na propia memoria, as obras a realizar van asociadas á futura construción dun novo encoro na cabeceira deste río, ao non abondaren por si mesmas para evitar os efectos das enchentes.

O IMPACTO AMBIENTAL

O acondicionamento do leito do río responde a unha visión trasnoitada da planificación hidrolóxica, consistente en realizar grandes obras hidráulicas, sen ter en conta os requerimentos dos ecosistemas fluviais. Consiste na construción dun canal artificial



para a circulación da auga, eliminando curvas no leito, uniformizando a pendente, e creando unha parede ou escolleira artificial en cada marxe do leito.

Para isto, eliminaríase todo o bosque de galería do río, que no futuro será substituído pola escolleira artificial e algunhas zonas axardinadas. Asimesmo, reduciríanse as áreas naturais de inundación, polo que se perderían as súas funcións ecolóxicas e de recarga de acuíferos e o seu papel na aminoración das enchentes.

A perda do bosque de ribeira e a construción dun leito artificial afectará fortemente á produción primaria do ecosistema fluvial, reducindo a súa extensión e conducindo á perda de centos de especies de micro e macroinvertebrados que son a base de substentación dos vertebrados acuícolas (especialmente os peixes). O proxecto ameaza, por tanto; a totalidade do ecosistema fluvial.


As consecuencias dunha hipotética rotura da presa do encoro de Cecebre veríanse agravadas ao eliminar o proxecto os elementos naturais que reducen a forza da auga, ao pretender que chegue de forma máis rápida á desembocadura.

DO URBANISMO DO TEMPLE AO PARAÍSO NATURAL DE CECEBRE

VOLVENDO AO RÍO MERO NATURAL

Rafael Sánchez-Fernández e Xacobe Meléndrez Fassbender

O RÍO MERO, QUE FORMA A RÍA DO BURGO, ÁCHASE AMEAZADO POR UN AGRESIVO PROXECTO DE CANALIZACIÓN QUE CONVERTERÍA O RÍO NUNHA CANLE, DESTRUIRÍA O BOSQUE DE RIBEIRA E ELIMINARÍA RÍA MEANDROS E PONTES. PARA LOITAR CONTRA ESTE PROXECTO CONSTITUIUSE A PLATAFORMA "RÍO MERO NATURAL" (WWW.RIOMERO.ORG). ENTRE AS MÚLTIPLES ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA PLATAFORMA FIGURA A REALIZACIÓN DUN ROTEIRO PARA DIVULGAR A RIQUEZA PATRIMONIAL DO RÍO MERO NO TRAMO QUE PODERÍA SER CANALIZADO.



O roteiro iníciase na antiga ponte do Burgo, que une Cambre e Culleredo.

1º TRAMO : PONTE DO BURGO – PONTE DOS MUÍÑOS

Comezamos na banda dereita da ponte do Burgo, a carón do Paraugas, unha escultura funcional de principios do século XX, que levantou moita expectación durante a súa construción pola utilización de formigón, técnica vangardista naquela época. Hoxe existe unha réplica recente e de menor tamaño elaborada en granito.

A primeira parte da rota discorre polo paseo marítimo do Temple, río arriba, cara á Barcala, nunha zona de aspecto cambiante pola influencia das mareas, podendo observarse nela multitude de aves.

Despois de pasarmos por baixo da ponte da autoestrada, chegaremos ó muíño da Barcala, xusto na desembocadura. Este muíño aproveitaba a baixamar para moer. Aquí o "paseo" está cortado xusto no punto por onde antes pasaba sobre o río, polo que teremos que nos desviar até a estrada de Cambre e seguila pola beirarrúa que discorre a carón do río até a entrada da fábrica de aceite de Moyresa.

Veciños da zona levan anos queixándose dos cheiros desta fábricae da perigosidade dos seus vertidos líquidos.

Na ponte de entrada, un oco na vexetación indícanos o comezo dun carreiriño que, pola marxe dereita do río, conduciranos –despois de pasarmos baixo a vía do tren– até A Marisqueira, un lugar tradicional de baño e merendas, hoxe bastante esquecido. Con sorte, poderedes tropezar con multitude de pequenos paxaros, ras e algunha tartaruga.

Pouco máis arriba, as silvas pechan a beira do río, polo que é preciso separarse do río e camiñar arredor de 150 metros a carón

do camiño de ferro. Logo, retornamos ao río collendo un sendeiriño que vai dar fronte da estación potabilizadora de augas da Telva.

Estas instalacións subministran auga potable, procedente do pantano de Cecebre-Abegondo, a unhas 350.000 persoas da bisbarra, sendo o propio álveo do río o que a conduce dende o encoro até a planta. Esta é unha das claves que garante unha calidade das augas máis que aceptable, se pensamos na forte humanización do contorno, aunque non ocorre o mesmo coas marxes do Mero, que pronto vemos invadidas por construcións ilegais.

POLO PASEO MARÍTIMO DO TEMPLE, RÍO MERO ARRIBA, DESFRUTAMOS DUNHA ZONA DE ASPECTO CAMBIANTE POLA INFLUENCIA DAS MAREAS, CON MULTITUDE DE AVES LIMÍCOLAS

Seguindo pola mesma beira dereita do río, pasaremos por baixo da ponte da estrada que vai de Cambre ao Mesón Vasco –a carón dela, entre a vexetación, achamos a vella e esquecida ponte de Sigrás, catalogada no Inventario de patrimonio histórico-artístico.

Dous quilómetros arriba, chegaremos á ponte próxima á estación de ferrocarril de Cambre. Aquí non hai máis remedio que subir até a estrada por un sendeiro empinado.

Unha vez arriba, atravesamos á outra beira e, unha vez pasada a ponte, volvemos retomar o sendeiro (pola ribeira esquerda) que nos levará até a ponte dos Muíños.

2º TRAMO: PONTE DOS MUÍÑOS – ENCORO DE CECEBRE

As persoas que desexen iniciar aquí a rota deben coller desde Cambre o camiño que vai ó Centro de Saúde e seguilo, sempre cara a dereita, até pasar por baixo da ponte do ferrocarril.

Este segundo tramo da rota discorre por un carreiro que vai pegado á beira esquerda do río, unha zona de beleza natural inigualable. Axiña tropezaremos cunha antiga presa rota, que subministraba enerxía aos muíños de gran xa desaparecidos. O seu labor continúa parcialmente as instalacións industriais de NORGASA que, aínda que moito menos integradas co contorno, elaboran tamén comida para os animais.

Aproximadamente a 1500 metros hai un pequeno tramo no que é preciso desviarse do río para sortear unha zona de paso difícil. Este punto está sinalizado convenientemente. Chegaremos de seguida á Ponte do Noceiro, preto dunha antiga tellera hoxe abandonada. Hai aquí uns prados rodeados por carballos e amieiros, onde pacen cabalos, que substitúen ás desaparecidas vacas, lugar bucólico que evoca unha paisaxe rural doutras épocas. Continuaremos pola mesma beira até chegar á estrada Cambre-Brexo no lugar de Cela, onde podemos observar outra das pontes catalogadas.

O val ábrese. Sobre estas chairas, que tradicionalmente se anegaban coas enchentes –antes da construción do encoro– medran na actualidade árbores dun viveiro forestal.

Atravesando a estrada, continuamos a rota pola mesma marxe do río (a esquerda) e atoparemos outro tramo cun bosque ripícola verdadeiramente encantador, que nos levará

sen desvío ningún até a Ponte do camiño de Cecebre a Peiraió. No último anaço, teremos ocasión de contemplar unha ribeira “perfectamente cementada por propietarios privados”, gracias ao cal a arribada á ponte obriga a un exercicio doado de alpinismo.

Neste punto, atopamos o Muíño de Cecebre ou de Peiraió. A amabilidade dos seus propietarios permite ás veces velo en funcionamento.

**PERTO DO MUÍÑO DE
CECEBRE, TEREMOS OCASIÓN
DE CONTEMPLAR UNHA
RIBEIRA PERFECTAMENTE
CEMENTADA POR
“PROPIETARIOS” PRIVADOS**

Este muíño de maquia é unha preciosa xoia etnográfica con máis de trescentos anos de historia. Conta con tres moas, unha peneira mecánica, un enxeño con rodicio vertical de ferro que trituraba directamente a mazorca para alimentar a facenda –especial para utilizar nas enchentes, e que chegaba a mover 2 moas–, e un xerador hidroelectrico aínda en uso, que até hai 15 anos vendía “luz” aos veciños...

Fronte do muíño, ó outro lado do río –marxe dereita– está o Merendeiro da “árbore caída”, un lugar precioso para repousar, beber, xantar e bañarse.




O tramo do río Mero que se pretende canalizar é o situado entre a presa de Cecebre e a desembocadura.

E logo, xa con folgos –seguindo por esta beira do Mero– camiñaremos entre campos de cultivo, vimbieiras, freixos e amieiros, compartindo o medio con donicelas e lontras, vendo mergullarse ao merlo rieiro, co seu característico babeiro branco.

Chegaremos, despois dun muro de cemento, a unha ponte esquecida, acceso dunha illa que oculta entre a vexetación os restos da maquinaria dun antigo serradoiro movido pola forza da auga.

Saltamos a estrada a carón do muíño dos Galiñeiros e á súa ponte-presa e conti-



O Muíño de Cecebre ou de Peiraió é unha preciosa xoia etnográfica con máis de trescentos anos de historia.

nuamos pola mesma beira, uns centos de metros até as comportas do encoro, onde é doado ver planando nas correntes térmicas estivais miñatos queimados, o que constitúe unha das citas de cría máis noroccidental desta ave de rapina diurna.

Á volta, os máis aventureiros poden regresar pola marxe dereita dende Os Galiñeiros. Tan só presenta uns metros de dificultade especial, nos que o camiño se ve máis pechado pola vexetación.

**Membros da Plataforma Río Mero Natural (www.riomero.org).*



Aquagest

“Calidade da auga e do medio ambiente”



Traballamos día a día en Galicia, dende fai máis de 25 anos, cos mellores recursos humanos e tecnoloxía punta para dispor de auga boa e suficiente, aproveitándoa ó máximo e devolvendoa á natureza limpa e útil

A XESTIÓN DAS AUGAS É O NOSO LABOR



OS “CANTOS DA SEIVA”, DE XESUS PEREIRAS

Emílio Xosé Ínsua

O 14 DE DECEMBRO DO 2001, MARIA CASAR (PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN CULTURAL “ERGUEITOS” DE SÁRRIA), HELENA VILLAR JANEIRO (IN ABSENTIA), CESÁREO SÁNCHEZ IGLÉSÍAS E QUEN ESCREBE, COMO XURADO DA SEGUNDA EDICIÓN DO “PRÉMIO DE POESIA FIZ VERGARA VILARIÑO”, DECIDIMOS POR UNANIMIDADE OUTORGAR O MÁXIMO GALARDÓN AO POEMÁRIO INTITULADO CANTOS DA SEIVA, PRESENTADO BAIXO O LEMA DE “BÚSOLA” E QUE SE CORRESPONDE COA AUTORIA DE XESUS PEREIRAS (MONTERROSO, 1960).

O poemário acaba de ver lume nesa auténtica “casa comunal da poesía galega” que é, sen dúbida, a editora coruñesa “Espiral Maior” de Miguel Anxo Fernán-Vello, facendo o número 116 do seu catálogo.

Cantos da seiva é un libro que consta de 29 poemas, presididos por unha dedicatória *in memoriam* aos pais e máis por unha significativa citación do escritor Avilés de Taramancos, que compendia perfectamente a actitude criativa, o *élan*, de Pereiras: “... e por tanto podemos coroarnos de feitos / e cantar cara ó ceo abertamente”. Esa case trintena de textos aparece organizada en cinco apartados: “Despida apoloxía” (10 poemas), “Cancións necesarias” (7 poemas), “Cantos das estacións” (4), “Cantos da tristura” (4) e “Para unha hora de fuxida” (4).

Trata-se dun poemário vivencial, harmonioso e maduro, que aparece salferido de sensibilidade ecoloxista. Non en balde o seu autor é biólogo, foi directivo de ADEGA, colabo-

rou en obras como *Os residuos na Galiza* (1994), escribiu *Os incendiós forestais en Galicia* (2001) e compartilla connosco actualmente labores no consello de redacción desta mesma revista.

Tamén é un poemário de sosegada reflexión existencial (por veces un tanto outoniza, outras máis gratificada) e de compromiso comunal tinxido “*con esperanza de planeta*”, pois que vivimos e loitamos, di-nos o autor, “*para instalar a sinxela luz / a sinxeleza en camiños batizados con nomes de paxaro*”.

O canto concibe-se aquí como un “ámbito”, como un espazo de liberdade en que a voz humana amosa a súa plenitude e as súas feridas, invadida lentamente pola beleza. Daí que o poeta nos convida, nos primeiros versos da súa obra: “*Entremos / no ámbito do canto / dos salmos da vida / neste espacio para o poema que comeza...*”. Ese canto ergue-se sobre as paisaxes mortas e sobre os soños enferruxados para chantar estes de amor en que achen acobillo aqueles que non aturan o ventimperio da existencia e para proclamar “*a vida contra a desfeita que nos mandan*”.

Cantos da seiva é tamén un libro en que a lingua galega aparece celmosa e depurada, cun aquel “clasicista”, vivida a todas luces “desde dentro”, isto é, desde a identificación e o compromiso. En palabras claves como *herba, paz, terra, festa, silencio, seiva, canto*, etc. reside a carga simbólica desta poesía ébria de humanismo, destes cantos “*invocados aquí contra o silencio / lonxe dos conxuros da escoria*”.

**TRATA-SE DUN POEMÁRIO VIVENCIAL,
HARMONIOSO E MADURO, QUE APARECE
SALFERIDO DE SENSIBILIDADE ECOLOXISTA**

Nos poemas que o compoñen cobra un lugar destacado o alento vitalista: “*Emprenderás roteiro, erguerás o cálice, gastarás os días / Aberto sempre á vida e á celebración dos seus prodixios*”.

Xa que a morte (ese “*exilio de silencio definitivo*”, esa hora de “*camiñar sen tempo pola vida*”) ronda a cada hora, o poeta convida-nos ao “*soño duns ollos*”, ao “*viño do gozo*”, á “*festa que sempre nos reclama*”. O autor, na súa “*Canción necesaria*”, verbaliza toda unha filosofía de vivir, telúrica e frondosa:

Xan G. muras



Cantos da seiva é o primeiro poemário publicado de Xesús Pereiras, doutor en Ciencias Biolóxicas e compañeiro de ADEGA.

*"Estende a túa pel
e abraza a árbore
afunde os teus dentes na carne frutal
deixando fluír o teu ser nos caneiros da seiva.
E vaite polas acequias da vida
Na auga que rega a terra
E sé a saliva das cuspiñadas da rabia
E sé as gotas salpicadas das cabezas dos batizados
E sé o suor na fronte rendida de traballo
E nos corpos namorados sé tamén
E serás viño
E serás zume
E serás sangue
E amarás amplo
Con esperanza de planeta".*

O vitalismo traduce-se en ocasións nun chamado ao activismo, á participación no traballo colectivo, ao degoro dos mundos posíbeis que durmen un soño do que poderíamos espertá-los, para porfin *"saborear os mundos que non teñen sido / as túas Galizas que non teñen sido"*.

**UN PANTEÍSMO DESPROVISTO DE
ORTODÓXIA PIGMENTA OS TEXTOS DESTE
POETA CON NOME DE ÁRBORE QUE
DECLARA QUERER MESTURAR A SUA
SALIVA COA TERRA, QUE PROCURA O
"ESPÍRITO DO GRANITO" E LEVA "ENTRE OS
DEDOS FOLLAS SECAS DE CARBALLO"**

Un panteísmo desprovisto de ortodoxia pigmenta, así mesmo, os textos deste poeta con nome de árbore que declara querer mesturar a sua saliva coa terra, que procura o *"espírito do granito"* e leva *"entre os dedos follas secas de carballo"*, que abesulla *"tanto verde a borrar a penas dos homes"*, que penetra no bosco dos seus soños para saír *"coa bandeira dunha patria invicta"* e que experimenta dor e impotencia diante do espectáculo terríbel dun incéndio florestal:

*"O cadaval avanza polo que foi paisaxe de soño,
je o soño ía mudar a paisaxe da Terra!
Onde foi sempre música vexetal, alanca o silencio.
Polas verdes serras Galiza ferida de incendio.
Lume en comba
E no alto da lombra.
Lume en fraga
E no alto da tara".*


Hai no libro poemas amorosos, dun amor que *"non hai voz de invernía que deteña"*, que vira en verde as *"bacías grises do silencio"*. Un amor, acrecentamos, que se traduce nun erotismo esencializado, desprovisto de concesións ao descritivo.

Tamén achamos apelacións de pendor dionisíaco: un dos poemas intitula-se, non por acaso, *"Celebración do viño"* e a vida aparece trasuntada nunha pipa preñada de mencia, *"violeta pola gorxa, violeta polos ollos"*, que cómpre ir consumindo demorada e gorentosamente.

Ao mesmo tempo, Pereiras deita reflexións case antropológicas sobre a resignada actitude dos moradores dunha Galiza rural sen seiva nova, que se esborrifa como unha néboa no tempo:

*"¿Quen libou a seiva desta terra?
¿Que segredo gardan, no seu mutismo, os anciaos?
Planean unha vinganza de séculos
Ou xa nada esperan e o seu frío destino
Prénaos dunha paciente dita:
Cada día o seu afán,
Cada morte a súa lápida."*

Finalmente, o poeta ofrece na sua obra tributos ao sentir atristurado e melancólico, a ese mesmo sentir que tanto experimentou, para plasmá-lo despois con mestria en versos que continúan a emocionar-nos e conmover-nos, o "poeta muiñeiro á deriva, orfo de ti e terra adentro" que foi Fiz Vergara Vilariño. Honrado maravillosamente polos amigos de "Ergueitos", polo Concello sarriao e por este premio que leva o seu nome, tamén o é, pensamos, pola calidade deste libro do amigo Suso, prelúdio de novas obras que virán enriquecer, aínda máis, o acervo da nosa espléndida poesía actual.



Cantos da seiva obtivo o premio de poesía que homenaxea ao poeta Fiz Vergara Vilariño.



Casa Pousadoira

Fermosa casa tradicional restaurada. Situada a 15 Km do parque natural Fragas do Eume e a 8 Km da Praia Grande de Miño e a 800 m do río Lambre. Ademais Adegas Pousadoira foi a primeira adega en sacar ao mercado Viño de Betanzos etiquetado e hoxe é o máximo expoñente dos Novos Viños de Betanzos.

Tlf. e fax.: 981-195118.
Móvil: 629-280565



Turismo rural, horta ecolóxica e produción de viño de Betanzos.



Turismo alternativo..
.. Para xente alternativa

Albergue Turístico Rural de 68 prazas no entorno das Fragas do Eume, a 5 km de Pontedeume. Coruña

Casa de pedra restaurada e nova construción con criterios bioclimáticos, enerxía solar, ...

Aloxamentos en cuartos dobres na casa e cuádruples na nova construción. Todos con baño.

Actividades de educación ambiental, sendeirismo, xogos...

Prezos especiais para grupos e centros educativos.



WWW.ALVARELLA.COM
981 798 863

TEMPOS

NOVOS



Para a defensa informativa de Galiza

Á VENDA EN QUIOSCOS E LIBRERÍAS

SUBSCRICIÓN: Rúa dos Porróns, 8 -2º · 15705 Santiago
Por teléfono: 981 557 119
Por fax: 981 557 117
Por e-mail: tempos@jet.es

REVISTA MENSUAL DE INFORMACIÓN PARA O DEBATE

SARMIENTO FOI O PRIMEIRO ECOLOXISTA ESPAÑOL

ACTUALIDADE DO PADRE SARMIENTO

Xulio Cuba Orosa

ESTE ANO 2002 EN GALICIA, POR MOR DE ADICÁRSELLE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS, É O ANO DO PADRE SARMIENTO. ESTA FIGURA, LONXE DE SER UNHA MÁIS, É PRECURSORA, A PRIMEIRA, NA DEFENSA DE GALICIA E DA SÚA LINGUA. CERNA NON PODE DEIXAR DE ADICAR UNHAS MÁIS QUE MERECIDAS PÁXINAS A QUEN É O PRIMEIRO PRECURSOR DE MOITAS IDEAS QUE ASUME A NOSA ASOCIACIÓN. HOME ADIANTADO AO SEU TEMPO, MOI MODERNO, SARMIENTO, O PRIMEIRO GALEGUISTA, MERECE SER LEMBRADO ADEMAIS POR SER DECIDIDO PARTIDARIO DO RESPECTO Á NATUREZA, PACIFISTA E RENOVADOR DO ENSINO. A SÚA OBRA, INMENZA, ESTÁ CHEA, POIS, DE ACTUALIDADE.

Sarmiento é o primeiro ecoloxista, e non só para Galicia –feito que pasou totalmente desapercibido no presente ano–, senón tamén para o conxunto de España, como ten afirmado Joaquín Fernández na súa detallada e moi recomendable *Historia del ecologismo español*¹. Aínda que haxa que agardar ata 1866 para que apareza a palabra *ecoloxía* con Haecckel, é a partir do século XVIII, con algúns ilustrados, cando se consolida o ideario conservacionista, un primeiro elo do ecoloxismo que formula algunhas críticas radicais ó modelo económico do nacente capitalismo. Ideas conservacionistas referidas aos problemas pesqueiros vense en Sarmiento e outros ilustrados críticos cos modernos sistemas de pesca². Sarmiento, para quen “o xeito de pescar moito é o peor xeito de pescar”, aparéce-nos como defensor dunha pesca que hoxe chamariamos sostible, pois propón “o artificio de pescar pouco e sempre”.

UN GRANDE VIAXEIRO

As súas viaxes a Galicia (un total de vinte e oito meses, entre 1745 e 1754-56) ofrecen un auténtico modelo de ensino e de sabedoría atada á vida, precursor dos roteiros da actual educación ambiental. Tras os anos de encerro na súa cela do convento madrileño, Sarmiento tiña como principal diversión viaxar a Galicia. Aprende máis nas viaxes que encerrado no convento: “Recollía máis nun mes que moitos anos vivindo recollido”.

Vai sempre preparado cun diario para tomar notas de todo o que lle resultaba de interese –que era moito, especialmente de plantas, herbas, palabras populares, topónimos e lugares–, froito da súa observación, da consulta de arquivos e do contacto coa xente. O remate da primeira viaxe supón o encontro definitivo con Galicia: “Cando voltei a Galicia decateime de que sabía da China máis que do meu país orixinario, sendo así que son de Galicia polos catro costados”. A segunda viaxe, cando hai fame en Madrid e se sente apoltrado, ofrécense a posibilidade de “ir a Galicia, en especial á vila de Pontevedra, a recrearme e divertirme”.

Sentímolo absolutamente contemporáneo porque Sarmiento é pacifista: “Sen soldados

poderá pasar o mundo, pero sen labradores nin o mundo nin os soldados poderán subsistir”. Foi un dos primeiros partidarios da defensa dos dereitos da muller e da abolición da pena de morte.

RENOVADOR DA EDUCACIÓN

Amosou preocupacións pedagóxicas sobre todo no derradeiro período da súa vida, e sempre foi un divulgador científico interdisciplinar, atento á Historia Natural, á Agricultura, á Botánica e á Lingua. Nunca esqueceu ao pobo, do que procedía directamente a súa información: “Nenos e nenas, vellos e vellas, rústicos, iliteratos e idiotas, deles saquei, saco e sacarei o máis puro ouro da verdade que busco. A calquera deses, cando hai ocasión, pregúntolles para que me digan o que viron, para saciar a miña curiosidade”.

Proclama que todas as ciencias se deben ensinar historicamente. Sempre estivo en desacordo coa linguaxe pechada dos científicos e reclamou o contacto coa realidade; as palabras non poden ser estudiadas e non poden transmitir nada sen o contacto coas cousas, nin as cousas sen as palabras. O ensino dos nenos debe ser singular, natural, fácil, breve e científico. Reclamou a necesidade pedagóxica de ensinalos aos nenos no seu propio idioma.

Así é que, ben pasados trescentos anos do seu nacemento, o padre Sarmiento pode volver a Galicia, satisfeito –porque hai continuadores das súas ideas que non se resignan a contem-



Sarmiento foi un defensor da pesca responsable. Escribiu que “o xeito de pescar moito é o peor xeito de pescar” e propuxo “o artificio de pescar pouco e sempre”.

plar a desfeita da nosa Terra– e humilde –pois era profundo inimigo das cerimoniais–. E pode volver feliz a Pontevedra, disfrutando do seu ben conservado e recén peonalizado recinto monumental. A mesma Pontevedra de Castella, e de Alexandre Bóveda, verdadeiro motor de explosión do galeguismo. Bóveda tamén merece ser convenientemente recordado no ano 2003, cando se cumpra o primeiro centenario do seu nacemento.

“Fun ao Capítulo Xeral a Valladolid e dende alí pasei a divertirme a Galicia. Tomei e levei comigo un libro en cuarto e en branco, para ir escribindo nel o meu Diario e todas as miñas viaxes. Apuntei todos os lugares por onde pasaba e todas as inscricións con que batía. Tamén apuntei todos os vexetais que vía, cos seus nomes galegos de froitos e froitas, todos os pescados, cunchas e mariscos, todas as aves e animais. Tamén me fecundei de moitas voces galegas vulgares, e o Diario ocupou vinte pregos. Ocupei outros vinte pregos en catro cadernos das voces galegas que oín en Pontevedra e o resto de Galicia.

Afeccioneime infinito á Historia Natural, á Botánica e á Lingua Galega, e a averiguar a orixe e a etimoloxía de cada voz galega reducíndoa ao latín [...] Atravesei todos cantos areais marítimos hai dende a boca do Miño ata o cabo Ortegal, así do mar bravo como das rías. Polo gozo con que transitaba imprimíronseme vivamente na fantasía os vexetais que vin neles, ademais das cunchas que collía de paso. Procuraba recoller os nomes galegos e custoume pouco averiguar despois os latinos correspondentes nos libros”.

1 Joaquín Fernández, *El ecologismo español*, Alianza Editorial, Madrid, 1999.

2 Outros ilustrados que censuran as prácticas depredadoras son Antonio Sáñez Reguart, inspector de mariña de orixe catalana, que debeu morrer cara a 1795, e mais o coruñés Xosé Cornide Saavedra (1734-1803), a quen se atribúe a primeira descrición da plataforma continental submarina e que defendeu as artes tradicionais dos pescadores galegos nas rías fronte ás modernas e máis eficaces introducidas polos fomentadores cataláns.

AS ORGANIZACIÓNS INCENDIARIAS

Xesús Pereiras*

NUNHA SERIE DE ARTIGOS PUBLICADOS EN "LA VOZ DE GALICIA", ROMAY BECCARÍA, EX-CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES, EXPUXO A SÚA VISIÓN DO FENÓMENO INCENDIARIO NA GALIZA. NO ARTIGO PUBLICADO O 26 DE MAIO FIXO UNHAS GRAVES ACUSACIÓNS, CUNHA FEBLE ARGUMENTACIÓN, INCULPANDO COMO CAUSANTES DA MAIORÍA DOS INCENDIOS DO PAÍS A ORGANIZACIÓNS INCENDIARIAS QUE PRETENDEN O CAMBIO DA POLÍTICA FORESTAL. AÍNDA QUE, CURÁNDOSE EN SAÚDE, O AUTOR EXPÓN "YO NO DIGO, NI MUCHO MENOS QUE LOS GRUPOS QUE RECLAMAN CAMBIOS EN LA POLÍTICA FORESTAL TENGAN QUE VER CON LAS ORGANIZACIONES INCENDIARIAS", TODO O RAZONAMIENTO POSTERIOR PARECE INDICAR O CONTRARIO. ESTE ARTIGO FOI ENVIADO POR ADEGA A "LA VOZ", COMO CONTESTACIÓN AO ARTIGO DE ROMAY. OS RESPONSÁBEIS DO XORNAL NON ESTIMARON OPORTUNA A SÚA PUBLICACIÓN.

Desde o ecoloxismo tense defendido en diferentes foros que hai unha serie de causas estruturais que favorecen a aparición e extensión do lume nos montes, causas que a política forestal da Xunta non trata de correxir: reforestacións monótonas con especies altamente combustíbeis, escaseza de labores de prevención, ausencia de ordenación de montes que compatibilice e planifique usos, especialización nun uso de produción de madeiras de mala cualidade, etc.

Agora ben, con relación ás motivacións directas dos incendiarios, nos textos ecoloxistas, tense apostado por unha causalidade variada e, entre outras, poderían estar:


-O lume como ferramenta que aforra custos na apertura de accesos aos montes cerrados de vexetación, na renovación da vexetación para ser utilizada polo gando mostrenco ou con fins cinexéticos, na limpeza e preparación de leiras previa á urbanización, á instalación e mantemento de diferentes infraestruturas asentadas nos montes.

-Incendios motivados por conflitos urbano-forestal, gandeiro-forestal, conflitos de propiedade...

-O lume para colocar no mercado grandes lotes de madeira de forma concentrada, que doutra maneira saírían de xeito disperso no espazo e no tempo, e estarían sometidos á vontade de vender duns propietarios minifundistas o cal, ademais de encarecer os custos, podería dificultar o abastecemento das industrias.

-Os lumes ligados ao crecente mercado motivado pola extinción (contratos, aluguer de avións...).

Cal destas causas é a mais importante, ou mesmo, cal delas pode ser excluída, é algo difícil de precisar sen unha investigación policial exhaustiva e sostida no tempo. Investigación que os ecoloxistas fomos os primeiros en reivindicar.



A renovación da vexetación para ser utilizada polo gando que pasta no monte semella unha das principais motivacións directas dos lumes.

Tamén temos que admitir que hai incendios que denotan unha clara planificación, pero disto a chegar a admitir, como parece supor o señor Romay, que existe unha especie de Central de Intelixencia Incendiaria hai un abismo, polo menos mentres non se xustifique mais solidamente. Pero, o máis esperpéntico das afirmacións vertidas polo exconselleiro é crer que esa mafia está conformada por "organizaciones incendiarias que pretenden el cambio de la política forestal" e está nutrida "por individuos empeñados en eliminar determinadas especies" como os eucaliptos. E digo que é esperpéntico porque, por máis que os seus membros estean "caídos en el fanatismo e irracionalidad", teranse que ter dado conta que, en trinta anos de terrorismo incendiario, non conseguiron os seus obxectivos, senón todo o contrario: os eucaliptos utilizaron o lume para se expandir eficazmente, como bons pirófitos que son, e ademais os propietarios tamén se inclinaron, de forma maioritaria, por esta especie para replantar os seus montes incendiados. Semella, máis ben, que de existiren eses terroristas organizados, no canto de quererem mudar a política da Xunta

o que quixeron realmente foi acelerala e intensificar as súas consecuencias.

Pero ademais, a existencia dunha mafia incendiaria deste tipo, supón o posuír unha sólida infraestructura, unha rede tupida de colaboradores ben coordinados e coñecedores do medio de diferentes comarcas, e ter unha actuación eficazísima como o denota que non haxa ningún detido en todos estes anos. ¿Que organización contraria a política forestal ten esta capacidade?. Calquera que coñeza o ecoloxismo iberico, lastrado nas súas actuacións organizadas por unha forte tradición libertaria, e celoso de preservar a autonomía dos diferentes grupos, sabe da incapacidade para montar unha organización semellante. Mais só supor isto, denota un descoñecemento interesado da unánime postura dos ecoloxistas en sinalar os incendios como o maior impacto negativo dos nosos ecosistemas florestais e a sincera implicación na sensibilización social e na búsqueda de solucións que sempre temos demostrado.

Xesús Pereiras é doutor en Bioloxía, membro de ADEGA e autor do libro "Os incendios forestais en Galicia" (Editorial Bahía, 2001).

SOBRE A PESCA DEPORTIVA SUPOSTAMENTE ECOLÓXICA

María Gigirey Suárez e Xan Duro Fernández

CANDO AS CHAMADAS AO COIDADADO E RESPECTO Á NATUREZA DISCRIMINAN PARTES DELA, A VACUIDADE DO SEU SIGNIFICADO CONTRADÍ A ESENCIA DO ECOLOXISMO: O RESPECTO A TODOS OS ELEMENTOS DA NATUREZA. A PESCA SEN MORTE (CAPTURA E SOLTA DOS PEIXES), DEFENDIDA POR PESCADORES CONSERVACIONISTAS, TAMÉN IMPLICA UN MALTRATO AOS PEIXES.

Fago o meu primeiro lanzamento da mañá, deixo afondar, e o pique non se fai agardar, é un imponente exemplar de Marrón. Cando consigo traelo ás miñas mans e logo dunha feroz pelexa, o cansazo vese nos seus ollos. Levoume tempo reanimalo pero conseguino. Cando por fin o vexo sosterse só, apártoo coas miñas mans pero non marcha, é como se entendese o meu proceder, como se comprendese que á miña beira fica seguro (...)

Claudio Alberto Jerez (www.apescar.com)

A pesca sen morte parte dun erro fundamental que anula de feito todas as súas pretensións de respecto ao medio ambiente: o absoluto desprezo polas vítimas desta práctica, os peixes.

Aínda que os peixes non poidan berrar cando están a sufrir dor ou fican aterrorizados, o seu comportamento amosa claramente a súa capacidade de sentir esa dor cando son feridos. Distintas investigacións¹ demostran que os peixes (ao igual que outros vertebrados como os humanos) posúen un sistema altamente desenvolvido que os protexe da dor severa mediante a segregación de substancias opiáceas no seu sangue. Isto xa demostra a súa capacidade de sentir.

A pesca deportiva implica un maltrato real dos peixes, tanto no feito de pescalos como na manipulación antes de botalos outra vez á auga:

- O anzol fúralles o ceo da boca, causándolles feridas que os mutilan, cando non impiden a súa capacidade de alimentarse.
- Os tecidos dos peixes, fóra da auga, están suxeitos a presións menores ás da auga. Isto provoca grandes alteracións nos seus sistemas periféricos, afectando ao sistema linfático ou á presión venosa. Perden sangue a través das galadas, que ao coagular reduce a superficie respiratoria efectiva.
- A desecación e o manipulado afectan a cuberta mucosa da epiderme, unha parte esencial que protexe ao peixe de

microorganismos perniciosos. Se aínda por riba se colle o peixe cun pano seco, os danos multiplícanse.

- A loita por ceibarse do anzol na auga fai que o peixe empregue o chamado *sistema muscular branco*. Son músculos de forza explosiva pero de curta duración que provoca unha grande acumulación de ácido láctico, quedando o sistema muscular en estado de fatiga extrema ate a súa eliminación. Un peixe esgotado tardará varias horas en se recuperar, tempo durante o cal será presa doada.²

Alguns pescadores deportivos afirman que a mortalidade do peixe así pescado sitúase entre o 2% e o 12%. Pola contra, estudos recentes feitos polo Oklahoma Department of Wildlife Conservation e a Universidade Texas Tech sitúan esta mortandade entre o 43% e o 62%. Os cálculos feitos polos pescadores baséanse nun dato irreal e irrelevante: o número de peixes vivos no momento da súa liberación, ignorando a mortandade posterior como consecuencia dos danos infrinxidos.

O erróneo do termo ecolóxico aplicado á pesca deportiva non se fundamenta unicamente na crueldade sobre os peixes, senón tamén nos danos ás outras especies que poboan os ríos. A perda e ruptura dos aparellos de pesca é unha das ameazas máis importantes para a fauna de ribeira. O pescador máis coidadoso e concienciado non pode evitar que a tanza se rompa cando se enreda en rochas ou raíces ou que os anzois se traben e perdan. A suma de moitos anacos pequenos de tanza convértese nun enorme problema para os animais.

Os aparellos de pesca poden danar aos animais de moitas maneiras: os paxaros e morcegos poden enredarse nos anacos pendurados das árbores morrendo de fame e sede, poden enredarse baixo a auga afogando, os poliños poden esganar ao liarse cos anacos empregados para construír o niño. Os anzois, ao seren tragados accidentalmente, causan danos á boca e á gorxa impedindo a alimentación. Os pesos de chumbo intoxican aos paxaros e os enganados de plástico atoa os intestinos provocando a morte.

A pesca é unha mostra máis da inconsciencia e franca crueldade do ser humano co resto da fauna. ¿Que pensaríamos se alguén defendese as touradas sen morte (só lle cravarían as bandeiriñas e a pica) ou a caza sen morte (por exemplo, con trampas que "só" lle mancaran ás patas ao animal)?



1 Fox, Michael W., D.V.M., Ph.D., *Do fish have feelings?*. The Animal's Agenda. July/August 1987, pp. 24-29

2 Lord Medway, et al. *Report for the Panel of Enquiry into shooting and angling*. Royal Society for the Prevention of Cruelty to Animals, 1979

CUMIO DE JOHANNESBURGO SOBRE DESENVOLVEMENTO SOSTÍBEL


DEZ ANOS DESPOIS DO RÍO

No momento de redactarmos esta información, aínda descoñecemos os resultados finais do Cumio de Johannesburgo sobre Desenvolvemento Sostíbel celebrado entre o 26 de agosto e o 4 de setembro. Porén, parece seguro que nin a Declaración Política nin o Plano de Acción representarán un avance importante no compromiso dos gobernos co desenvolvemento sostíbel. A lóxica da liberalización comercial en beneficio dos países enriquecidos, a desregulación e a privatización aínda é máis forte cá lóxica da equidade e da sustentabilidade.

Nin a Xunta nin ningún Concello galego estiveron en Johannesburgo. A única delegación do noso país foi a enviada polo BNG, que participou en actividades do grupo do Parlamento Europeo Verdes-Alianza Libre Europea.

A FEG salientou que Galiza non fixo os deberes para o Cumio de Johannesburgo. Non temos polo de agora ningunha Axenda 21, nin nacional nin local. Carecemos de Estratexia de Loita contra o Cambio Climático. A Estratexia Galega de Conservación e Uso Sostíbel da Biodiversidade só foi aprobada moi recentemente. A axuda galega para a cooperación ao desenvolvemento está a anos luz de representar o 0,7% do noso PIB.

Ramóns Pérez



O desenvolvemento da enerxía solar, para o que Galiza tamén ten potencial, é unha das condicións para avanzar cara a sostibilidade.

No próximo número de Cerna dedicaremos unha atención especial ao Cumio de Johannesburgo e ao Foro Global da Sociedade Civil.

A PROPOSTA GALEGA É A MENOS AMBICIOSA DE TODO O ESTADO

A FEG PROPÓN AMPLIAR A PROPOSTA PARA A REDE NATURA 2000 EN GALIZA

A Federación Ecoloxista Galega (FEG) elaborou un documento que propón ampliar a Proposta Galega para a Rede Natura 2000, tanto mediante a ampliación de superficie de espazos xa incluídos como da inclusión de novos espazos (ver recadro). O traballo da FEG, que só puido ser realizado con medios modestos, demostra que a Consellería de Medio Ambiente foi pouco ambiciosa no momento de elaborar a Proposta Galega. De feito, Galiza é a comunidade autónoma española que propuxo

menor porcentaxe do seu territorio para integrar a Rede Natura 2000, só un 11%.

A Proposta da FEG contén información sobre 22 áreas que albergan hábitats prioritarios e de interese comunitario. En total, propón a suma de aproximadamente 35.000 novas hectáreas ás 352.745 hectáreas propostas pola Xunta en 2001 (recentemente aprobou unha pequena ampliación).

Para a FEG, a situación dos mellores espazos naturais galegos pode considerarse nestes momentos como moi delicada, e vai camiño de chegar a un punto

de degradación irreversible. En case todos os Lugares de Interese Comunitario (LICs) –nome que reciben as zonas propostas para a Rede Natura 2000– designados pola Xunta, estase incumprindo a Directiva Hábitats, nalgúns casos de forma moi grave.

Na actualidade, estase a valorar por parte do Centro Temático Europeo para a Conservación da Natureza a lista de LICs da rexión biogeográfica atlántica (na que se inclúe a maior parte do territorio do noso país). É posíbel que antes de xuño do 2004 estean designadas todas as zonas que integrarán a Rede Natura 2000.

Eu tamén fun coas vacas

AFONSO EIRÉ

Eu tamén fun coas vacas
Afonso Eiré

Salseiros

FRANCISCO CALO LOURIDO

Salseiros
Francisco Calo Lourido

A TERRA E O MAR

Narrativa de noso en Espiral Maior


AMPLIACIÓN DA REDE NATURA 2000 PROPOSTA POLA FEG

- Novos espazos: Lagoa de Sobrado dos Monxes, Monte Castelo-Braña Rubia, Fragas do Río Beelle, Rega de Suapena, Río Doade-Pena Marela, Serra do Suído, Corredor Fluvial e Forestal do Río Avia e Pena Corneira.
- Espazos incluídos que se deberían ampliar: Carnota-Monte Pindo, Castro-Xubia, Ancares-Caurel, Mariña Luguesa, Negueira, Cruzul-Agüeira, Canón do Sil, Veiga de Ponteliñares, Serra da Lastra, Cabo Udra, Río Tea, Serra do Candán, Sistema fluvial Ulla-Deza, Sobreiral do Arnego.

CAMPAÑA INTERNACIONAL A FAVOR DOS RÍOS GALEGOS

SOBRAN WATIOS. FALTAN RÍOS VIVOS. SOBRAN ENCOROS

ADEGA, XUNTO COA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PARA O ESTUDIO E A MELLORA DOS SALMÓNIDOS (AEMS-RÍOS CON VIDA), COORDENA UNHA CAMPAÑA INTERNACIONAL EN DEFENSA DOS RÍOS GALEGOS QUE TEN COMO LEMA "SOBRAN WATIOS. FALTAN RÍOS VIVOS. SOBRAN ENCOROS". MÁIS DE 20 ORGANIZACIÓNS GALEGAS, ESPAÑOLAS E INTERNACIONAIS PROMOVEN ESTA CAMPAÑA A FAVOR DA CONSERVACIÓN E DO USO SOSTÍBEL DOS RÍOS GALEGOS, ENTRE OS DE MAIOR RIQUEZA NATURAL DA PENÍNSULA IBÉRICA E DE EUROPA. O SEU OBOXECTIVO É MUDAR O PLANO SECTORIAL HIDROELÉCTRICO E O PLANO HIDROLÓXICO DE GALIZA-COSTA PARA ADAPTALOS AOS PRINCIPIOS DA DIRECTIVA MARCO DA AUGA E DO AFORRO E A XESTIÓN DA DEMANDA DE AUGA E DE ELECTRICIDADE.



UNION PENOSA

**Benvido a
UNION PENOSA:**

Descobre a realidade
da nosa mellor posesión:
Galicia e os seus mil ríos

Vantaxes para nós e os nosos amigos
Desgracias para os ríos e a cidadanía

O folleto da campaña posúe un rechamante deseño e utiliza unha linguaxe directa e mordaz. Está disponíbel na web da campaña (<http://www.rios-vivos.org>).

Esta campaña diferénciase de outras realizadas no pasado a favor dos ríos do noso país por se desenvolver tamén alén das nosas fronteiras. Apoian a campaña organizacións internacionais e españolas da relevancia do World Wide Fund of Nature (WWF), Interna-

tional Rivers Network (IRN), Coordinadora de Afectados por Grandes Embalses y Trasvases (COAGRET) ou a Confederación de Asociaciones de Vecinos, Consumidores y Usuarios de España (CAVE). Entre as organizacións galegas que promoven a campaña figuran a Coordinadora Galega para a Defensa dos Ríos (COGADER), a Federación Ecoloxista Galega (FEG), a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) e a Confederación Intersindical Galega (CIG).

A campaña consiste principalmente na distribución dun folleto sobre o Plano Sectorial Hidroeléctrico e o Plano Hidrolóxico de Galiza-Costa, os elevados custos ambientais e sociais dos encoros e a desmesurada influencia que compañías eléctricas como Unión Fenosa, Iberdrola ou ENDESA exercen sobre a Xunta. O folleto contén unha postal destinada ao Conselleiro de Medio Ambiente, Carlos del Álamo, e estase a distribuír non só en Galiza senón tamén no resto do Estado español.

As organizacións promotoras da campaña reclaman a Carlos del Álamo a modificación tanto do Plano Hidrolóxico como do Plano Sectorial Hidroeléctrico, elaborados pola Consellería de Obras Públicas antes de que as competencias en materia de planificación hidrolóxica se transferisen á Consellería do Ambiente. Estes Planos carecen dun enfoque sustentábel e pretenden a construción de máis de 100 presas hidroeléctricas e 24 grandes encoros.

Cómpre revisar estes Planos en función dos principios da Directiva Marco da Auga e do aforro e xestión da demanda de auga e electricidade. Tanto o Plano Hidroeléctrico como o Plano Hidrolóxico de Galiza-Costa



O conselleiro do ambiente, Carlos del Álamo, ten que optar entre a planificación hidrolóxica herdada de Xosé Cuíña, subordinada aos intereses dos sectores hidroeléctrico e da construción, e unha nova política da auga que procure a mellora da calidade ecolóxica dos ríos e un uso eficiente da auga.

desprezan os importantes danos ambientais e sociais da proliferación excesiva de presas, postos de manifesto en numerosas ocasións non só polas organizacións ambientalistas senón tamén por outras organizacións sociais, científicos e a propia Estratexia Española para a Conservación da Diversidade Biolóxica do Ministerio do Ambiente.

Esta campaña súmase a outras realizadas no pasado, que conseguiron parar algúns proxectos de encoros hidroeléctricos como os de Sela (Miño), Navia ou o Eume. A participación de ADEGA nesta campaña engádesse ás múltiples actividades que ten desenvolvido en defensa dos ríos, como tal e participando en plataformas e coordinadoras como COGADER ou a FEG.



**Barillas
Orellas**
Tapas e Racións

Rúa da Fonte - ORDES - Tel: 981 680 253



**Sela's
REGAÑA
TANCA**

PARQUE MUNICIPAL, 32
ORDES (A CORUÑA)

GALIZA PRECISA UNHA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO SOSTÍBEL

MANIFESTACIÓN EN FERROL EN DEFENSA DA TERRA



A Comisión Pro-Residuo Mínimo do Oural (Sarria) estivo representada na manifestación para deixar constancia da súa oposición á queima de pneumáticos usados na cementeira de Cosmos en Oural.

Varios centos de persoas manifestáronse o 2 de xuño en Ferrol convocadas por un amplo conxunto de organizacións sociais e políticas progresistas, entre elas ADEGA, baixo o lema "En defensa da terra, dos ríos e das rías". Na manifestación, celebrada un ano máis con motivo do Día Mundial do Ambiente, reivindicouse o impulso dunha estratexia de desenvolvemento sostíbel que mellore a calidade de vida de todos os galegos e galegas.

O manifesto da convocatoria, que se pode ler íntegro na web de ADEGA (<http://www.adegagaliza.org>), sinala que urxe completar o saneamento das rías, desenvolver unha estratexia integrada de xestión do litoral e prohibir nas rías actividades perigosas ou altamente impactantes incompatíbeis coa súa conservación e uso sostíbel. No tocante á auga, avoga pola promoción do aforro e a eficiencia e a mellora da súa calidade e rexeita o Plano Hidrolóxico Estatal e o Plano Hidrolóxico de Galiza-Costa.

Os incendios forestais foron un dos centros de atención da convocatoria. Segundo a propia Xunta, na década pasada houbo 94.000 lumes que queimaron 250.000 hectáreas de montes, boa parte delas nos nosos mellores espacios naturais. @s manifestantes reclamaron máis

labores de prevención dos incendios e unha política forestal equilibrada.

O manifesto da convocatoria deste ano incorporou como novidades a defensa da saúde pública e da participación social nos asuntos ambientais. Demanda a redución do tráfico e o control dos locais de diversión nocturnos para combater o ruído e a aplicación rigorosa do principio de precaución para prevenir posibles efectos negativos da contaminación electromagnética orixinada pola telefonía móbil e os tendidos eléctricos. No que atinxe á participación, esixe ás Administracións a garantía do acceso á información ambiental, unha maior promoción da educación ambiental e a reforma do Consello Galego do Ambiente.



A Plataforma Anti-Via Rápida do Morrazo aproveitou a convocatoria de Ferrol para denunciar o grave impacto ambiental e facer valer as súas reivindicacións.

DESCONTENTO ECOLOXISTA

A convocatoria deste ano puxo de manifesto as discrepancias entre o movemento ecoloxista e algunhas das organizacións políticas e sindicais que desde hai anos se veñen sumando ás reivindicacións ambientais. Á hora de redactar o manifesto conxunto non houbo acordo, entre outros aspectos, sobre a denuncia do impacto ambiental das obras do Porto Exterior de Ferrol nen da Via Rápida do Morrazo. A consideración desta convocatoria como un compromiso de mínimos levou a que tais denuncias non aparecesen na táboa común, aínda que finalmente sobrancearon entre as pancartas presentes. A baixa asistencia á manifestación, por outra banda, fixo notorio o escaso compromiso de varias das organizacións de masas asinantes da convocatoria. O debate en ADEGA e na FEG está aberto, e pode supor unha inflexión no movemento ecoloxista galego.

Manuel Soto

EN BREVE

<http://www.adegagaliza.org> é o novo nome da web de ADEGA. A raíz dun problema de xestión alleo á nosa Asociación, a web de ADEGA pasou a denominarse desta outra forma. Esta páxina web é renovada frecuentemente, ofrece información sobre o labor de ADEGA e sobre a realidade ambiental e suxestións para colaborares na defensa do ambiente (convocatorias, campañas na Internet,...). Marca-a no teu navegador e visita-a regularmente!

MINICENTRAL DO BARBANTIÑO. A Coordinadora Galega para a Defensa dos Ríos (COGADER), xunto coa Coordinadora Pro Natureza Ourense, organizou o 23 de xuño unha visita á minicentral hidroeléctrica do río Barbantiño para amosar os importantes danos ambientais causados pola súa construción e funcionamento e demandar a súa demolición.

A EXPOSICIÓN "25 ANOS DE MEDIO AMBIENTE CON XAQUIN MARIN", elaborada por ADEGA, continúa o seu percorrido polas cidades e vilas do noso país. Ourense e Santiago foron as últimas localidades visitadas pola exposición, un percorrido pola evolución ambiental do país da man das intelixentes viñetas do humorista Xaquín Marín.

EDUCACIÓN AMBIENTAL EN GALIZA. A finais de xullo celebrouse na Coruña o Congreso da Asociación Internacional de Psicoloxía, adicado ao tema "Xentes, Medio Ambiente e Globalización". ADEGA presentou unha comunicación oral sobre a evolución da educación ambiental en Galiza e o programa de actividades desenrolado pola Asociación, centrado especialmente en Compostela e Ferrol, pero tamén no resto do país. Outros temas relacionados co traballo da Asociación, tais como a aplicación das Tecnoloxías Limpas en Galiza e a Educación Ambiental para unha Nova Cultura da Auga, tamén foron debatidos neste congreso.

O AMBIENTE E A SAUDE foi o tema dunha entrevista entre ADEGA e o conselleiro de Sanidade, Xosé Hernández Cochón. Na reunión falou-se de alimentos transxénicos, da telefonía móbil, de compostos orgánicos persistentes (dioxinas e outros), de residuos sanitarios, dos efectos do tráfico urbano sobre a saúde, etc. ADEGA valorou positiva-

(Continúa na páxina seguinte)


ADEGA EXERCE A ACUSACIÓN PARTICULAR NO CASO SUGASA

OS CONSELLEIROS DE MEDIO AMBIENTE E DE AGRICULTURA PODERÍAN SER PROCESADOS POR DELICTO ECOLÓXICO

O Xulgado de Instrucción nº 3 de Ourense entende que os conselleiros de medio ambiente, Carlos del Álamo, e de agricultura, Diz Guedes, "non foron alleos ao traslado e depósito dos animais mortos ás instalacións de SUGASA", durante a chamada crise das vacas tolas (encefalopatía esponxiforme bovina), e poderían ter cometido un delito ecolóxico tipificado polo Código Penal. Xa que logo, o Xulgado ourensá inhihiuse neste caso en favor do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

Este caso iniciouse a partir dunha denuncia do Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA) da Garda Civil en xaneiro de 2001. A acumulación de vacas mortas nas instalacións en Ourense de SUGASA, habilitada desde 1996 para a destrución de Materiais Específicos de Risco (MER), provocou cheiros e vertidos de augas residuais.

O auto sinala que "a Xunta estivo, en todo momento, ao corrente das actuacións levadas a cabo por SUGASA, canalizando cara a devandita empresa o proceso de tratamento e destrución dos MER, cando era sabido que dita compañía nos dispoñía dos medios necesarios para destruír ditos MER".



O caso SUGASA foi desencadeado pola crise das "vacas tolas".

SUGASA exercía a súa actividade de tratamento dos MER sen ter autorización definitiva para o vertido de augas residuais (só tiña unha provisional) e sen licencia do Concello de Ourense. O xuíz instructor apunta que a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente non reaccionou perante as denuncias do SEPRONA, "pretendendo xustificar a súa inactividade na falta de competencias por razón da materia, cando das propias actuacións resulta todo o contrario".

ADEGA actúa como acusación particular neste caso, ao igual que Amigos da Terra e a CIG, esperando que dunha vez por todas poidamos ver que o Poder Xudicial xulgue e culpabilice ós responsables políticos destes feitos tan graves.

EN BREVE

mente o diálogo co conselleiro, aínda que a Consellería non asumiu ningún compromiso concreto perante as posicións ecoloxistas.

ADEGA RETOMOU O TRABALLO EN BERGANTIÑOS cunha xornada sobre a conservación de Baldaio e unha limpeza da praia e lagoa. Previamente tivera lugar unha reunión de ADEGA en Carballo para retomar a actividade ecoloxista organizada en toda a comarca da Costa da Morte. A calidade de vida con base en valores ambientais e de solidariedade, as actividades de coñecemento e disfrute da natureza, a protección do río Anllóns, o urbanismo, e a denuncia da instalación de parques eólicos e doutros impactos foron algúns dos temas considerados como prioritarios nas bisbarras de Soneira e Bergantiños.

A EXTINCIÓN DA PITA DO MONTE EN GALIZA é un feito recoñecido pola Consellería do Ambiente. ADEGA demandou a implementación dun plano de recuperación e sinalou a responsabilidade da Xunta na súa extinción. Entre as causas da extinción da pita do monte nos Ancares figuran o furtivismo, a xestión inadecuada dos bosques, a apertura irracional de pistas ou as molestias causadas pola actividade turística. Semella que o cambio climático pode ser unha das causas da regresión da poboación cantábrica da pita do monte.

CONGRESOS. O 16 e 17 de novembro terá lugar en Santiago o V Congreso Galego de Ornitoloxía, organizado pola Sociedade Galega de Historia Natural (sghn@sghn.org). Por outro lado, Sevilla acollerá entre o 13 e o 17 de novembro o III Congreso Ibérico sobre Xestión e Planeamento da Auga (<http://www.us.es/ciberico>)

A VÍA RÁPIDA DO MORRAZO é un proxecto innecesario e altamente impactante. O 30 de agosto a Plataforma Anti-Vía Rápida do Morrazo (<http://www.arrakis.es/~morrazo>) convocou unha concentración en Cangas. Un voceiro da Plataforma declarou que "estamos pendentes da resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza para a paralización da obra e, ademais dos numerosos argumentos que xa demos, queremos seguir mostrando que existe un importante rexeitamento social por parte dos veciños da comarca".

Lume
e
ferro

faberna

Campo da Feira - CARRAL



CAMPAÑA DA OEA A FAVOR DUNHA REFORMA AMBIENTAL DA FISCALIDADE POR UNS PREZOS QUE BENEFICIEN O AMBIENTE

A Oficina Europea do Ambiente (OEA) (<http://www.eeb.org>), a federación ecoloxista europea da que forma parte ADEGA, está desenvolvendo unha campaña pola Reforma Ambiental da Fiscalidade en Europa (<http://www.ecotax.info>). O obxectivo é que o mercado incentive o uso sustentábel dos recursos e a redución dos impactos ambientais negativos. Na actualidade, “os incentivos do mercado continúan fomentando un consumo e uns métodos de produción derrochadores, ademais de facer que os cambios necesarios para a protección do ambiente semellen caros e nada competitivos”.

Os dous pilares da reforma proposta pola OEA son a introdución de impostos ambientais e o cambio na política de axudas públicas para evitar que éstas favorecen formas de consumo e de produción insostíbeis.


A federación ecoloxista europea acha que “a tributación ambiental é unha das principais ferramentas para avanzar cara a un desenvolvemento sostíbel”. Os impostos ambientais estimulan a innovación e a efi-

ciencia e poden contribuír á creación de emprego, “sobre todo cando os ingresos fiscais se reciclan baixando os impostos laborais”.

A reforma ambiental dos impostos levaría a un aumento do prezo da enerxía. O encarecemento da enerxía tería efectos socialmente inaceptábeis para a poboación con rendas máis baixas polo que habería que adoptar medidas compensatorias.

Na actualidade, os gobernos europeos, con subvencións directas ou desgravacións fiscais, potencian modos de produción ou consumo ambientalmente prexudiciais, como por exemplo a produción e consumo de combustíbeis fóséis, a agricultura intensiva ou a sobrepesca. A campaña demanda “a retirada ou reforma de todas as subvencións prexudiciais para o ambiente de aquí ao 2005”.


A reorientación das axudas públicas tamén podería ocasionar efectos sociais negativos, ao afectar ao emprego en determinados sectores. “Por iso, deben introducirse programas económicos de transición que palién estes efectos. Os fondos das sub-



A sustentabilidade será unha ilusión se non se aplica unha profunda reforma ambiental da fiscalidade como a proposta pola federación ecoloxista europea

vencións pódense reestructurar para os destinar a outros investimentos sociais e económicos nas rexións afectadas”.

LIVROS



A PROBLEMÁTICA AMBIENTAL EN GALICIA.

Elvira Cienfuegos López
Baía Edicións.

Fronte é visión dunha Galiza como paraíso natural que desde algunhas instancias tentan transmitir, a nosa realidade é ben diferente, cun grao de deterioración ambiental mui superior ao que nos correspondería polo noso escaso desenvolvemento industrial. Para desentrañar esta realidade e para incrementar o grao de coñecemento da situación ambiental da Galiza, a profesora Elvira Cienfuegos elaborou esta guía didáctica publicada na colección Baía Verde de Baía Edicións.

Ao longo das súas páxinas analísanse as consecuencias ambientais do uso da auga e dos recursos mineiros, o impacto ambiental da enerxía nas súas diferentes variantes (eléctrica, petróleo, gas,...), a degradación dos recursos edáficos, biolóxicos e paisaxísticos, a perda da biodiversidade, as diferentes contaminacións (atmosférica, acuática, edáfica) e por último a problemática asociada aos diferentes residuos (agro-gandeiros, perigosos, radioactivos, urbanos). Como as

outras guías desta colección, o libro complétase con actividades destinadas aos alumnos e cunha serie de diapositivas que facilitan a explicación desta problemática aos profesores.

Foi un acerto da editora o ter escollido a Elvira Cienfuegos para este cometido, xa que, a pesar do árido do tema, conseguiu un libro de lectura doada, debido á súa axeitada estruturación e á claridade da exposición. Nótase nisto a práctica docente da autora, así como no exhaustivo da análise efectuada revélanse os coñecementos desta ecoloxista cunha longa traxectoria militante

Por todo isto, é esta unha publicación recomendábel non só para o profesorado galego que queira ilustrar aos seus alumnos sobre a situación ambiental do País, senón tamén para toda persoa preocupada polo coñecemento da realidade actual galega, coñecemento que ficaría incompleto sen abordar a súa problemática ambiental. (J.P.).



COMPOSTELA, CIDADE SOSTÍBEL

Santiago camiña hoxe cara o **desenvolvemento sostíbel**.
Asinando a *Carta de Aalborg* e asumindo os compromisos da mesma,
realizando unha *Auditoría ambiental* para pór en marcha a
Axenda 21 Local e un plan municipal de residuos que potencie
a reciclaxe e a compostaxe, programando a recuperación integral
dos espazos naturais e promovendo a participación social
a través do *Consello Municipal de Medio Ambiente*





Ramsés Pérez

ESCARÑO CONTRA OS DESTRAGADORES DO MUNDO

Cantaminadores do aire puro e da auga
humilde,

casta,

e cristalina.

Incendiaros da sagrada fraga
misteriosa, cantora e ancestral.

Asesino de paxaros.

Verdugos

de todo canto ama, vive e canta.

Violadores e destructores
da máxica paisaxe rumorosa.

ENEMIGOS DA VIDA E DA BELEZA.

Consentidores de tanto xenocidio:
cando reventa o pus do voso odio
sementades de morte a creación.

Malditos para sempre endexamais
por tódalas xeraciós que son
e serán:

¡vós sodes

a miseria e a vileza deste mundo!

Manuel María

Cerna, a túa revista, naturalmente